


PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CRA "O ESQUÍO"
CURSO 2021/2022

Esta PXA foi informada polo Claustro e aprobada no Consello Escolar do día 27 de setembro de 2021.

A Directora:



Asdo.: Paula Curto Agulló

En Valdoviño, a 27 de setembro de 2020

ÍNDICE:

1. Obxectivos Xerais do Centro.....	4
- Xerais do centro	
- Específicos do centro para este curso.	
2. Órganos de Goberno.....	5
- Equipos docentes.	
- Adscripción funcional do profesorado.	
3. Calendario escolar.....	6
4. Planificación e horarios.....	7
5. Plan de Adaptación Escolar.....	12
6. Plan de Utilización das Instalacións do Centro.....	13
7. Plan de Actividades Propostas Polo Anpa.....	13
8. Matrícula Alumnado.....	14
9. Materiais Curriculares.....	14
10. Necesidades Educativas Específicas de Apoio Educativo.....	15
11. Dinamizacións.....	16
- TIC.	
- Biblioteca e Plan Lector.	
- PFPP	
- Contratos programa.	
- Actividades extraescolares e complementarias.	
- Convivencia escolar.	
- Proxecto grupos interactivos	
- Proxecto lingüístico.	
12. Avaliación da PXA.....	24
13. Programacións didácticas.....	24
- Programación de Educación Infantil.....	25
- Programación didáctica 1º de Educación Primaria.....	54
- Programación didáctica 2º de Educación Primaria.....	140
- Programación de Música.....	239
- Programación de Lingua Extranxeira (Inglés).....	252
- Programación de Educación Física.....	293
- Programación de Educación Religiosa.....	326

1. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais do centro

- Procurar o desenvolvemento armónico e pleno da personalidade do neno/a mediante unha formación humana integral.
- Formar ao alumnado no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, no exercicio da tolerancia e liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia.
- Educar ao alumnado para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
- Adquirir hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- Formar ao alumnado no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España.
- Preparar ao alumnado para participar activamente na vida social e cultural.
- Continuar a nosa liña pedagóxica en relación coas metodoloxías activas.
- Mellorar a convivencia escolar no centro.

Obxectivos específicos de centro para este curso

Os obxectivos xerais do centro para este curso serán os seguintes:

- o Revisión, actualización e elaboración dos documentos e arquivos do centro.
 - Proxecto lector
 - Plan de Atención á Diversidade.
 - Plan de Acción Titorial.
 - Plans Específicos de Alumnado Repetidor.
 - Elaboración do plan dixital.
 - NOF
 - Plan de Convivencia
 - Plan de Xestión Económica
 - Plan COVID
- o Participar no PFPP sobre pedagogías activas:
 - (Textos de uso social na escola: Maiuca)
 - Plan experimental de formación docente en artes na escola no contexto rural (Chema Mesias)
- o Readaptar espazos exteriores e continuar coa adquisición de materiais nas escolas a través do PFPP.
- o Desenvolver o proxecto de Dinamización Lingüística.
- o Participar nos contrato-programa CP incluído: Convive-t, Inclúe-t, Iguála-t e Emociona-t.
- o Participar nos contratos – programa CP innova: Eduinnova e Edusaúde.
- o Levar a cabo as directrices marcadas no Plan de Autoprotección.
- o Programar actividades orientadas ao fomento da lectura.
- o Fomentar o uso do galego en todas as actividades que se realicen no centro.

2. ÓRGANOS DE GOBERNO

- **Equipo directivo:** Paula Curto Agulló (Directora)

- **Consello Escolar:**
 - o Presidenta: Paula Curto Agulló
 - o Secretaria: Lucía Leira Martínez
 - o Concello de Valdoviño: Rosana García López
 - o Profesorado: Lucía Leira Martínez
Vanessa Muíño Rodríguez

 - o Nais/Pais: *Pendente das eleccións

- **Claustro:** María Rodeiro Casas
Lucía Leira Martínez
Vanessa Muíño Rodríguez
Daniel Regueiro Pérez
Paula Curto Agulló
Ana Cristina Pérez Campos
Noelia María Alonso Malde

Equipos docentes

Dado que somos un centro con 3 unidades, todo o claustro pertence e participa en todos os equipos docentes sendo o profesorado coordinador os seguinte:

- **Coordinadora do ciclo de Educación Infantil:**
 - o Ana Cristina Pérez Campos
- **Coordinadora de Educación Primaria:**
 - o Vanessa Muíño Rodríguez.
- **Coordinadora do equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:**
 - o Paula Curto Agulló
- **Coordinadora do equipo de Biblioteca:**
 - o Ana Cristina Pérez Campos
- **Coordinadora de Normalización de Dinamización Lingüística:**
 - o María Rodeiro Casas
- **Coordinadora de Convivencia Escolar:**
 - o Paula Curto Agulló
- **Coordinador TIC:**
 - o Ana Cristina Pérez Campos

Adscripción funcional do profesorado

Mestra	Titoría	Especialidade	Apoios	Horas LD
Paula Curto Agulló		Directora	17	0
María Rodeiro Casas	E. Vilarrube	Música	0	2
Vanessa Muíño Rodríguez	E. Lago	--	0	0
Lucía Leira Martínez	E. Taraza	--	0	0
Daniel Regueiro Pérez	--	L. Estranxeira: 9 sesións.	10	3
Ana Cristina Pérez Campos	--	Ed. Física: 7 sesións	7	3
Noelia María Alonso Malde	---	Valores: 3 sesións Proxecto lector: 3 sesións	12	3

3. CALENDARIO ESCOLAR E FESTAS CULTURAIS

Os días lectivos do curso actual terán lugar entre o 9 de setembro de 2021 e o 22 de xuño de 2022 (ambos inclusive) en xornada de 9:30 a 14:30 horas.

Vacacións:

- **Nadal:** do 22 de Decembro ao 7 de xaneiro, ambos inclusive.
- **Entroido:** 28 de febreiro e 1,2 de marzo.
- **Semana Santa:** do 11 ata o 17 de abril, ambos inclusive
- **Día do ensino:** O 11 de outubro de 2021.
- **Días festividade local:** Solicítase a Xefatura Territorial, en consonancia co CPI de Atios o 7 de decembro e o 16 de maio.

Festas culturais:

- **Magosto e Samaín:**
- **Nadal:** 21 de decembro nas escolas.
- **Entroido:** 27 de febreiro nas escolas.
- **Letras Galegas:** 17 de maio nas escolas.
- **Fin de Curso:** 21 de xuño nas escolas.

4. PLANIFICACIÓN E HORARIOS.

Polas características peculiares do noso centro, non temos elaborado un cadro de gardas. No caso de ausencia dunha mestra titora, as mestras especialistas cubrirán dita ausencia procurando evitar, na medida do posible, que o alumnado perda a sesión de especialidade e realizando o menor número de desprazamentos posibles.

Cada mestra titora reservará unha sesión para traballar o proxecto lector do centro que será impartida pola mestra de apoio a infantil.

Os horarios do profesorado para o presente curso serán os seguintes:

HORARIOS POR ESCOLAS:

LAGO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	APOIO (Noe)	APOIO (Dani)	APOIO (Noe)	APOIO (Noe)	APOIO (Dani)
10:20- 11:10	APOIO (Noe)	APOIO (Dani)	APOIO (Noe)	APOIO (Noe)	Inglés
11:10- 12:00	APOIO (Noe)	INGLÉS	APOIO (Noe)	RELI/VALORES	Inglés
12:00- 13:00	Recreo VANE	Recreo DANI	Recreo VANE	Recreo OSCAR	Recreo DANI
13:00- 13:45	P.L	APOIO (Inés)	APOIO (Ana)	APOIO (Inés)	MUSÍCA
13:45- 14:00	E.F	APOIO (Inés)	E.F	APOIO (Inés)	TITORIA

TARAZA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	APOIO (Paula)	APOIO (Paula)	APOIO (Paula)	APOIO (Paula)	APOIO (Paula)
10:20- 11:10	APOIO (Paula)	APOIO (Paula)	APOIO (Paula)	APOIO (Paula)	APOIO (Paula)
11:10- 12:00	E.F INFANTIL	APOIO (Paula)	E.F PRIMARIA	Inglés	APOIO (Ana)
12:00- 13:00	Recreo ANA	Recreo APOIO	Recreo LUCI	Recreo Inglés	Recreo Paula
13:00- 13:45	APOIO (Paula)	P.L	APOIO (Paula)	Inglés	E.F
13:45- 14:00	APOIO (Paula)	Inglés	APOIO (Paula)	RELI/VALORES	MÚSICA

VILARRUBE

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	APOIO (Dani)	TITORÍA	APOIO (Dani)	TITORÍA	APOIO (Noe)
10:20- 11:10	APOIO (Dani)	APOIO (Ana)	APOIO (Dani)	APOIO (Ana)	APOIO (Noe)
11:10- 12:00	APOIO (Dani)	APOIO (Ana)	Inglés	APOIO (Ana)	APOIO (Noe)
12:00- 13:00	Recreo MARÍA	Recreo ANA	Recreo DANI	Recreo ANA	Recreo OSCAR
13:00- 13:45	APOIO (Dani)	APOIO (Ana)	Inglés	E.F	P.L
13:45- 14:00	INGLÉS	E.F	Apoio/Inglés ⁺	MÚSICA	RELI/VALORES

HORARIO POR PROFESORADO:**INÉS**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	---	LD	---	TARAZA	---
10:20- 11:10	---	TARAZA	---	TARAZA	---
11:10- 12:00	---	TARAZA	---	TARAZA	---
12:00- 13:00	---	GARDA	---	GARDA	---
13:00- 13:45	---	LAGO	---	LAGO	---
13:45- 14:00	---	LAGO	---	LAGO	LD

DANIEL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	Apoio VILA	Apoio LAGO	Apoio VILA	LD	Apoio LAGO
10:20- 11:10	Apoio VILA	Apoio LAGO	Apoio VILA	GARDA	Inglés LAGO
11:10- 12:00	Apoio VILA	Inglés LAGO	Inglés VILA	Inglés TARAZA	Inglés LAGO
12:00- 13:00	GARDA	Recreo LAGO	Recreo VILA	Recreo TARAZA	Recreo LAGO
13:00- 13:45	Apoio VILA	GARDA	Inglés VILA	Inglés TARAZA	GARDA
13:45- 14:00	Inglés VILA	Inglés TARAZA	Apoio VILA	LD	LD

PAULA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
10:20- 11:10	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
11:10- 12:00	DIRECCIÓN	APOIO	APOIO	GARDA	DIRECCIÓN
12:00- 13:00	GARDA	GARDA	GARDA	GARDA	GARDA
13:00- 13:45	APOIO	DIRECCIÓN	APOIO	DIRECCIÓN	Coordinación convivencia
13:45- 14:00	APOIO	APOIO	APOIO	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN

NOELIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	Apoio LAGO	LD	Apoio LAGO	Apoio LAGO	Apoio VILA
10:20- 11:10	Apoio LAGO	LD	Apoio LAGO	Apoio LAGO	Apoio VILA
11:10- 12:00	Apoio LAGO	GARDA	Apoio LAGO	Valores LAGO	GARDA
12:00- 13:00	GARDA	RecreoTARAZA	GARDA	GARDA	GARDA
13:00- 13:45	P.L LAGO	PL TARAZA	Apoio VILA	GARDA	P.L VILA
13:45- 14:00	LD	GARDA	Apoio VILA	ValoresTARAZA	Valores VILA

ANA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	GARDA	LD	Coordinación ciclo infantil	LD	Coordinación BIBLIO
10:20- 11:10	GARDA	Apoio VILA	Coordinación TIC	Apoio VILA	Coordinación BIBLIO
11:10- 12:00	E.F TARAZA	Apoio VILA	E.F TARAZA	Apoio VILA	ApoioTARAZA
12:00- 13:00	Recreo Taraza	Recreo VILA	ITINERANCIA	Recreo VILA	Recreo Taraza
13:00- 13:45	GARDA	Apoio VILA	Apoio LAGO	E.F VILA	E.F
13:45- 14:00	E.F LAGO	E.F VILA	E.F LAGO	LD	GARDA

LUCIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
10:20- 11:10	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
11:10- 12:00	APOIO	APOIO	GARDA	APOIO	APOIO
12:00- 13:00	GARDA	GARDA	RecreoTARAZA	GARDA	GARDA
13:00- 13:45	APOIO	GARDA	APOIO	GARDA	GARDA
13:45- 14:00	APOIO	GARDA	APOIO	GARDA	GARDA

MARÍA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	APOIO	TITORÍA	APOIO	TITORÍA	APOIO
10:20- 11:10	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
11:10- 12:00	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
12:00- 13:00	Recreo VILA	GARDA	GARDA	GARDA	GARDA
13:00- 13:45	APOIO	APOIO	LD	GARDA	Música LAGO
13:45- 14:00	APOIO	GARDA	LD	Música VILA	Música TARAZ

VANE

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
10:20- 11:10	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
11:10- 12:00	APOIO	APOIO	APOIO	Coordinación ciclo	APOIO
12:00- 13:00	Recreo LAGO	GARDA	Recreo LAGO	GARDA	GARDA
13:00- 13:45	APOIO	APOIO A.L	APOIO	APOIO	GARDA
13:45- 14:00	GARDA	APOIO A.L	GARDA	APOIO	TITORIA

ÓSCAR

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	--	--	--	--	--
10:20- 11:10	--	--	--	--	--
11:10- 12:00	--	--	--	Reli LAGO	Apoio VILA
12:00- 13:00	--	--	--	Recreo LAGO	Recreo VILA
13:00- 13:45	--	--	--	GARDA	Apoio VILA
13:45- 14:00	--	--	--	Reli TARAZA	Reli VILA

O horario complementario do claustro está distribuída da seguinte maneira:

- Hora de titoría: de 9:00 a 9:30 todos os días da semana.
- Reunións de coordinación e equipos: Os martes de 16:30 a 19:30 horas.

As quendas de recreo quedaron distribuídos da seguinte maneira:

Recreos	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Lago	Vanessa	Daniel	Vanessa	Óscar	Daniel
Taraza	Ana	Noelia	Lucía	Daniel	Ana
Vilarrube	María	Ana	Daniel	Ana	Óscar

5. PLAN DE ADAPTACIÓN ESCOLAR

O proceso de incorporación do alumnado de tres anos realízase mediante un plan de adaptación. A primeiros de setembro convócase a unha reunión ás familias e dáselles unas orientacións e pautas de cómo facilitar ás nenas e nenos a adaptación á escola. Nesa reunión explícase o proxecto que se leva a cabo nas escoliñas, faise unha primeira toma de contacto mestra/familia/ alumna/o e elabórase un horario de incorporación progresiva que se implementa ao longo dos dez días lectivos que marca a lexislación vixente.

Ao longo deses dez días lectivos, a alumna/o vaise incorporando paulatinamente ás dinámicas da vida na escola e xera un vínculo coa mestra e as compañeiras/os. As mestras consideramos un dereito indiscutible da nena/o que este proceso sexa respectado, polo que dende o centro non admitimos nin recomendamos que non se realice o período de adaptación ou se acurte a súa duración salvo que sexa por motivo xustifico.

O presente curso, o calendario do período de adaptación para o alumnado de 4º de educación infantil será o seguinte:

Escola de Lago e Vilarrube:

Luns 13 e Martes 14: de 13:00 a 14:30 horas.

Mércores 15 , Xoves 16 e Venres 17: de 12:00 a 14:30 horas.

Luns 20 e Martes 21: de 11:00 a 14:30 horas.

Escola de Taraza:

Luns 13; Grupo 1: de 12:30 a 13:30 horas. Grupo 2: de 13:30 a 14:30 horas.

Martes 14; Grupo 2: de 12:30 a 13:30 horas. Grupo 1: de 13:30 a 14:30 horas.

Mércores 15; Grupo 1: de 11:30 a 13:30 horas. Grupo 2: de 13:00 a 14:30 horas.

Xoves 16; Grupo 1: de 13:00 a 14:30 horas. Grupo 2: de 11:30 a 13:00 horas.

Venres 17: Todos: de 12:00 a 14:30 horas.

Luns 20 e Martes 21: de 11:00 a 14:30 horas.

A partir do 22 de setembro comezarán a acudir ao centro en horario normal de 9:30 a 14:30.

No terceiro trimestre, o alumnado de 2º de educación primaria acuden a unha visita guiada ao CPI de Atios para familiarizarse co centro adscrito ao que irán ao rematar a súa escolaridade no CRA. Este curso queda a espera das instrucións COVID e se a situación o permita.

6. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Todas as escolas teñen os seus propios espazos para desenvolver as actividades ordinarias de ensino-aprendizaxe, e cada mestra titora é responsable de facer o mellor aproveitamento dos mesmos no día a día.

Para desenvolver as actividades complementarias e extraescolares, solicitaranse ao concello ou á entidade correspondente en cada caso os espazos necesarios para a celebración dos eventos co fin de poder disfrutar de cada festividade.

Para a utilización das instalacións do noso centro por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar, presentarse a solicitude á dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación.

Para o uso ocasional e con carácter excepcional, a directora poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes, tomando a decisión de forma colexiada co resto do claustro.

A utilización das instalacións por parte das ANPAs, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de mestras/es, só require solicitude previa á directora do centro cunha antelación mínima de **tres días**, quen concederá a autorización se xunto co resto do claustro e sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións do centro disporanse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, etc.

Dado á situación que se está a vivir en canto ao COVID-19 é posible que as nosas instalacións non podan ser utilizadas por persoas alleas a cada unha das escolas para favorecer a permanencia dos grupos estables. Así mesmo as convivencias entre escolas e as saídas extraescolares quedan suxeitas a situación actual que se viva nese momento.

7. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO ANPA

Polo momento, non se concretou ningunha proposta co ANPA do centro.

8. MATRÍCULA ALUMNADO

O presente curso, o cadro de matrícula de alumnado será o seguinte:

Escola	4º EI	5ºEI	6º EI	1º EP	2º EP	Total	Vacantes
Lago	4	2	1	3	-	10	10
Taraza	8	5	1	1	3	18	2
Vilarrube	3	3	5	2	-	12	7
Total	15	10	7	6	3	41	19

9. MATERIAIS CURRICULARES

ESCOLA DE VILARRUBE			
1º EDUCACIÓN PRIMARIA			
Área Materia	Editorial	ISBN	Lingua
Matemáticas	Anaya	978-84-680-3274-0	Castelán
Lengua Castellana	Santillana	978-84-680-4001-1	Castelán
Ciencias Naturais	Santillana	978-84-680-4356-2	Castelán
Oxford Reading Tree Biff, Chip And Kipper Level 4	Oxford	978-01-984-8205-5	Inglés
Oxford Reading Tree Biff, Chip And Kipper Level 5	Oxford	978-01-984-8241-3	Inglés
Oxford Reading Tree Biff, Chip And Kipper: Stories and Activities	Oxford	978-01-927-6473-7	Inglés
Libros bilingües para niños: "El Tesoro Pirata"	El Pirata	978-84-150-8991-9	Bilingüe
Libros bilingües para niños: "Dos Monstruos"	Anaya	978-84-667-6250-2	Bilingüe

ESCOLA DE TARAZA E DE LAGO			
1º EDUCACIÓN PRIMARIA			
Matemáticas	Anaya	978-84-680-3274-0	Castelán
Matemáticas "Cálculo y operaciones"	Santillana	978-84-680-1941-3	Castelán
Matemáticas "Entrénate"	Santillana	978-84-680-1943-7	Castelán
2º EDUCACIÓN PRIMARIA			
Matemáticas	Anaya	978-84-698-3864-8	Castelán

10. NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Os obxectivos xerais plantexados para o presente curso son:

- Prestar o apoio educativo necesario ao alumnado que presenta NEAE.
- Adoptar as medidas oportunas para atender ao alumnado.
- Coodinarse e colaborar cos titores e co resto do profesorado co fin de manter unas liñas de actuacións común, máis especialmente con aqueles mestres e mestras que imparten apoio educativo.
- Manter reunión coa familia das nenas e nenos con NEAE para intercambiar información sobre o desenvolvemento educativo e persoal dos seus fillos/as.
- Aproveitar os recursos, medios e materiais dos que dispón o Centro para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Dotar as escolas de material axeitado ás NEAE.

Este curso contamos cunha mestra especialista en Audición e Linguaxe con centro base no noso CEIP DE Pazos, asiste a nosas escolas dous días a semana, interviniendo na escola de Taraza e Lago, estando valorando a súa intervención na escola de Vilarrube. A orientadora do CPI de Afios ten o CRA como centro adscrito e visita en momentos puntuais o centro para asesorar ao profesorado.

Na confección dos horarios tivéronse en conta diversos aspectos: a prioridade dos alumnos con informe psicopedagóxico, a escola con maior número de niveis e a escola con maior número de alumnado.

A avaliación realizarase conxuntamente, a mestra especialista en audición e linguaxe e a mestra titora de cada alumno.

Este ano contamos cunha alumna con necesidades educativas especiais que está a repetir 1º de primaria e que xa flexibilizou en infantil e varios alumnos que presentan dificultades e precisan apoios e reforzo na escola de Taraza. Un alumno que repite 1º de primaria e un alumno de nova incorporación que presenta bastantes dificultades e necesidades na escola de Lago. 2 alumnos e 2 alumnas de fala inglesa, 1 alumna de fala portuguesa e 1 alumno que presenta dificultades e necesidades na escola de Vilarrube.

11. DINAMIZACIÓNS

- TIC

A situación actual que estamos a pasar polo COVID-19 fai necesario a posta en marcha da páxina web e aula virtual do noso centro.

O claustro formará un equipo TIC, o cal elaborará un plan dixital de cara a levalo a cabo de forma práctica o vindeiro curso.

Continuaremos iniciando ao alumnado en robótica e fomentando o uso das TIC nas escolas, co emprego do ordenador, tablet ou pantalla dixital.

- Biblioteca e plan lector

- Obxectivos:

- Fomentar a paixón pola lectura, como fonte de lecer, de información e de coñecemento.
- Utilizar a biblioteca para favorecer a lectura dunha maneira lúdica e atractiva.
- Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe en calquera das áreas.
- Crear un clima que favoreza o achegamento aos libros, á lectura e a escritura.
- Integrar as TICs nas prácticas lectoras para mellorar a competencia lingüística, dixital e o tratamento da información.
- Motivar, implicar e dotar de medios axeitados ao profesorado como dinamizador de cultura.
- Potenciar a lectura de libros en lingua galega, así como tamén que os nenos/as coñezan autores importantes da literatura galega por medio de xogos, actividades, lecturas...
- Realizar o proxecto de cara o curso que ven solicitar o PLAMBE.

Organización de espazos e tempos para a lectura

A mestra de apoio levará a cabo o proxecto lector nas escolas, adicando unha sesión semanal en cada unha delas. Este curso seguirase o proxecto de Angelica Dass, o cal baséase na realización dun pantone seguindo a gama de cores da nosa propia pel.

Empregaráse libros e contos relacionados coa temática e incorporaremos recursos bibliográficos para a nosa biblioteca.

A mestra de Educación Física e coordinadora e dinamizadora da biblioteca encargárase de elaborar e distribuír polas escolas a mochila viaxeira, xestionando o préstamo de libros e velando pola posterior cuarentena do material emprestado. Cada mochila irá rotando por cada alumno e alumna cada semana nas escolas e estará formada por contos, libros de temáticas diversas e material que sexa relevante para o traballo de aula, así como un caderno viaxeiro onde poderán rexistrar o máis interesante para eles e elas.

Ademáis cada escola tendrá unha biblioteca de aula, a cal tentarase que estea relacionada co proxecto actual, a selección de libros renovarase en canto se teña necesidade de maneira que na escola haxa variedade bibliográfica. Cada semana levarase a cabo o empréstamo de libros semanal, de maneira que todo o alumnado poida levar un libro para a súa casa.

Ao longo da semana, as mestras titoras fomentarán a lectura con contacontos e actividades de lectura diversas, dinamizando o ambiente de lectoescritura e favorecendo o uso do recuncho de ler.

Consulta de libros, dicionarios ou internet

Poderase utilizar a biblioteca de aula, así como os inventarios, atlas e libros de consultas do ambiente de ciencias, en todo momento para buscar información de traballos que se levarán a cabo en cada escola.

Así como tamén poderán acceder ao ordenador ou Tablet para a búsqueda de información relevante que precisen en cada momento.

- **PFPP**

O claustro íntegro participará nun PFPP para formarse en pedagogías activas. Ao longo desta formación adaptaranse os espazos, os materiais e a presentación de actividades das escolas seguindo a corrente pedagóxica Reggio Emilia. Este ano participaremos en dúas formacións:

- . Plan experimental de formación docente en artes no contexto rural (Chema Mesías)
- . Profundización dos textos de uso social nas aulas de infantile e primaria (Maiuca)

A coordinadora do PFPP será Noelia María Alonso Malde

- **Contratos programa**

Co fin de completar a nosa programación de xeito satisfactorio, solicitaremos dende o centro os **contratos programa** que se relaciona a continuación para axudarnos a financiar o noso proxecto educativo: Con-vive, Iguala-T, Inclúe-T, Eduemociona e Mellora das competencias clave (matemáticas e lectoescritura) e Promoción da Actividade Física en Horario Lectivo.

- **Actividades extraescolares y complementarias**

Pola situación que estamos a atravesar polo COVID-19 quedan todas as saídas escolares pendentes de confirmación para garantir a permanencia do grupo estable de cada escola.

Quedan permitidas as saídas ao entorno das escolas por separado ou xuntando as escolas sempre cumprindo as medidas de seguridade, tanto o uso da máscara como a distancia social.

Propoñemos saídas ao entorno de forma habitual, actividades de exploración, búsqueda e mellora da actividade física. Tamén propoñemos saídas ao finalizar o curso, aun sen determinar e sempre que a situación sanitaria o permita.

- **Convivencia escolar.**

Reelaboraremos as normas, organización e funcionamento do centro, de cara a unificar o máximo posible os criterios a seguir nas tres escolas, fronte a situacións graves e leves de comportamento, así como as saídas e entradas das escolas, estas normas se farán públicas e deberán estar aprobadas tanto polo claustro coma polo consello escolar.

No caso de ser necesario realizaremos reunións con familias tanto conxuntas como individuais mellorando así, se cabe, a relación coas familias, sobre todo as das novas incorporacións.

- **Proxecto grupos interactivos**

Pola situación que estamos a pasar por mor do COVID-19 queda suspendida esta actividade.

- **Proxecto lingüístico de centro**

• **INTRODUCCIÓN**

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade, partindo desta premisa e tendo en conta que na nosa Comunidade Autónoma coexisten como linguas cooficias o galego e o castelán é preciso regular o uso de ambas linguas nos centros educativo, tendo como premisa garantir e fomentar o uso equitativo de ambas linguas como pilar fundamental da riqueza cultural da comunidade. Neste sentido xorde o proxecto lingüístico de centro, que forma parte do Proxecto Educativo e ten como finalidades regular o uso das dúas linguas cooficiais de Galicia no contexto escolar á vez que se pretenden instaurar unhas liñas de actuación para o fomento da lingua galega entre a comunidade educativa.

Este proxecto lingüístico elaborouse para o curso 2020/2021 e terá unha vixencia de catro cursos escolares.

• **CONTEXTUALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

O CRA “O Esquí” de Valdoviño está situado no concello de Valdoviño, unha zona costeira e rural da comarca de Ferrol, na provincia de A Coruña. Valdoviño limita ao norte co municipio de Cedeira, ao sur co de Narón, ao oeste co océano Atlántico e ao este cos municipios de Cerdido e San Sadurniño. O concello de Valdoviño conta con 6.594 habitantes (IGE, 2017) repartidos en 8 parroquias: Lago, Loira, Meirás, Pantín, San Bartolo, O Sequeiro, Valdoviño, Vilaboa e Vilarrube.

O CRA está formado por 3 escolas situadas nas parroquias de Meirás (Escola de Taraza), Lago (Escola de Lago) e Vilarrube (Escola de Vilarrube). A escola de taraza imparte o segundo ciclo da Educación Infantil, 1º e 2º de educación primaria, mentres que nas escolas de Lago e Vilarrube impártense o segundo ciclo da Educación Infantil máis 1º de Educación Primaria. O número total de alumnado matriculado no curso 2021/2022 é de 41 alumnos/as, repartidos do seguinte xeito: 18 na escola de Taraza, 13 na escola de Vilarrube e 10 na escola de Lago.

O Claustro docente do centro está formado por sete mestres: tres titoras (unha por escola), unha especialista de Educación Física, un especialista de Lingua Estranxeira (inglés), unha mestra de apoio a infantil e unha mestra de educación primaria que exerce o cargo directivo. Ademais conta con un mestre compartido de Relixión e unha mestra compartida de Audición e Linguaxe.

En canto á situación lingüística do entorno salienta que o galego atópase nunha situación minoritaria debido á perda do seu uso ao longo das xeracións, polo que tan so os sectores de maior idade manteñen o galego como lingua oral e quedando nas novas

xeracións un uso exclusivo do castelá. Isto vese reflectido no ámbito escolar de modo que o predominio da lingua castelá sobre a galega vese moi marcado, sendo a primeira a de uso maioritario pola comunidade educativa en xeral.

- **MARCO LEGAL**

Para a elaboración deste Proxecto Lingüístico de Centro tomouse como referencia o marco lingüístico establecido lexislativamente actualmente. Este marco lingüístico está establecido na Constitución Española de 1978 e no Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, ademais desenvólvese na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa; e concrétase no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- **DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR**

A distribución lingüística curricular depende da etapa educativa a que nos refiramos; existindo diferencias entre as dúas etapas que se imparten no noso centro, a Educación Infantil e a Educación Primaria.

Así pois na Educación Infantil, seguindo o artigo 5 do Decreto 79/2010 utilizarase a lingua materna predominante entre o alumnado e procurarase a adquisición de forma oral e escrita da outra lingua oficial. Neste sentido, a lingua predominante entre o alumnado é a castelá, polo que é a lingua utilizada nas sesións, integrando o galego nas mesmas de forma oral e escrita para fomentar o seu uso entre o alumnado.

En canto á Educación Primaria, o artigo 6 do citado Decreto recolle que se garantirá a adquisición da competencia lingüística das dúas linguas oficiais de Galicia e para iso establece que se impartirán en lingua galega as materias de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, ademais da Lingua e Literatura Galega, e en lingua castelá a propia materia de Lingua e Literatura Castelá e as Matemáticas. O resto de materias impartiranse nunha ou outra lingua en función da decisión do centro, sempre garantindo o mesmo porcentaxe de horas semanais para cada unha das linguas oficiais. Así pois, no noso centro educativo impartiranse en galego a Música e Educación Física en castelán, a Plástica e a Relixión ou Valores Sociais e Cívicos impartírase en Lingua Galega.

- **OBXECTIVOS XERAIS**

- Fomentar o uso da lingua galega en todos os ámbitos e formatos entre a comunidade educativa.
- Promover o coñecemento e participación en actividades diversas relacionadas coa cultura e a lingua galega.

- Dar a coñecer e participar en festas tradicionais galegas propias da nosa cultura.
- Garantir o uso correcto e equitativo de ambas linguas cooficiais no ensino.
- Dar a coñecer a literatura galega fomentando a lectura en galego entre o alumnado e profesorado.
- Aumentar a presenza da lingua galega tanto nas actividades educativas coma no tempo de lecer.
- Fomentar o uso das TIC como recurso para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Compartir experiencias de aprendizaxe con outros centros e institucións promovendo e utilizando a lingua galega.

• LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Ante a preocupante situación da lingua galega no entorno do noso centro educativo, onde se viu reflectida unha gran perda do uso da mesma ao longo dos anos e xeracións, as liñas de actuación desde o colexio teñen como pilar fundamental recuperar o uso do galego e integralo pouco a pouco na comunidade educativa para intentar revertir esta situación. Para iso realizaremos actuacións nos tres sectores da comunidade educativa, familia, alumnado e profesorado.

En canto á familia utilizaremos o galego como lingua para as comunicacións familia-escola en todas as autorizacións, notas informativas e/ou documentos emitidos desde o centro; convidarémolas a participar en actividades relacionadas co coñecemento e potenciación da cultura galega; fomentaremos a lectura en galego enviando suxestións sobre lectura escolar en galego.

No referente ao profesorado utilizarase o galego como lingua vehicular nas reunións colexiadas do centro (claustro e consello escolar); potenciarase o uso de materiais e recursos en lingua galega; e fomentarse a participación en grupos de traballo e formación relacionados coa cultura e o idioma galego.

Por último, respecto ao alumnado, integraremos o galego na aula de forma paulatina na etapa de Educación Infantil e fomentaremos a expresión tanto oral como escrita en galego na Educación Infantil e Primaria; realizaremos actividades culturais para o fomento da cultura galega e a potenciación do uso do galego; daremos a coñecer novo vocabulario relacionado con tradicións propias da cultura galega e cos proxectos que se traballan a nivel de centro; e interpretaranse obras literarias galegas en diferentes formatos nas diferentes actividades e conmemoracións que se celebrarán.

- **MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**

Co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística*, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e seguindo as directrices que marca o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* levaranse a cabo as medidas necesarias para garantir a adquisición e dominio das dúas linguas cooficias de Galicia entre todo o alumnado. Neste senso temos que tomar como referencia ademais o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación*, que prioriza sempre as medidas ordinarias sobre as extraordinarias e esas primeiras serán a base da nosa actuación.

Tendo en conta as características especiais do noso centro educativo intentaremos aproveitar ao máximo posible os recursos dispoñibles para atender a todo aquel alumno/a que precise medidas de apoio ou reforzo para acadar un correcto dominio das linguas, procurando sempre o acceso ás mesmas tanto de forma oral coma escrita e enlazado e contextualizado coa riqueza cultural da nosa Comunidade Autónoma.

Con todo isto, as posibles medidas a adoptar serán:

- Comunicación constante coas familias para informar e traballar de forma conxunta ante as posibles dificultades do alumnado e de como afrontalas e traballar para solucionarlas cun traballo coordinado.
- Aproveitamento de actividades lúdicas para a inclusión da expresión oral e escrita en ambas linguas.
- Uso das novas tecnoloxías como recurso motivacional en relación a adquisición e uso do linguaxe.
- Aproveitamento dos apoios dos mestres do centro na aula para reforzar a aprendizaxe enfocada cara as dificultades presentes entre o alumnado.
- Uso de metodoloxías activas e innovadoras que faciliten o desenvolvemento e a autonomía do alumnado.
- Traballo coordinado entre as tres escolas para un maior aproveitamento das experiencias educativas vividas.
- Mantemento dunha actitude positiva cara a aprendizaxe das linguas, intentando motivar ao alumnado desde os primeiros cursos.

En caso de que estas posibles medidas non fosen suficientes estudarase e planificarase a execución de outra serie de medidas ordinarias adaptadas as peculiaridades e

características de cada alumno/a.

Nun último momento recorreráse a medidas extraordinarias, sempre unha vez esgotadas as ordinarias sen éxito e baixo a supervisión do departamento de orientación adscrito ao noso centro educativo.

- **ADENDA**

a) RESULTADO DA ENQUIZA AOS PAIS, NAIS, TITORES/AS OU REPRESENTANTES LEGAIS DO ALUMNADO SOBRE A LINGUA MATERNA DOMINANTE

A seguinte táboa recolle o resultado da enquisa realizada aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado sobre a lingua materna dominante desglosado por escolas.

	GALEGO	CASTELÁN	AMBAS	NS/NC
LAGO	0	12	0	0
TARAZA	3	15	0	0
VILARRUBE	2	11	0	0

b) INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA DO CURSO ANTERIOR

Durante o pasado curso 2020/2021 realizáronse as seguintes actividades en relación ao fomento da lingua galega:

- Celebración de diversas conmemoracións en relación a tradicións da cultura galega: para a celebración de cada unha destas festividades realizouse previamente en cada escola pero de forma coordinada un traballo de coñecemento das mesmas e achegamento aos nenos e nenas a cada unha das tradicións e ao vocabulario en galego relacionado coas mesmas; para continuar coa propia conmemoración do seguinte modo:
 - o Magosto: actividade nas tres escolas na que se realizaron diversos xogos tradicionais galegos e pintamos trompos e realizamos diferentes xogos con eles.
 - o Samaín (do 30 de outubro ao 3 de novembro): durante esa semana o alumnado trouxo á cada escola cabazas decoradas coa temática do samaín, realizáronse merendas saudables terroríficas e rematouse cunha celebración con cantigas e disfraces.
 - o Nadal: No mes de decembro cada escola rematou o trimestre cunha festa de

nadal, na escola de Taraza convidouse as familias, o alumnado interpretou unha obra de teatro e un baile final.

- o Entroido (xaneiro-febreiro): durante as semanas anteriores o alumnado colaborou na creación dos disfraces: "O circo", e o día da celebración fixemos un pasacalles cantando e facendo actuacións acrobáticas.
- o Letras galegas: Realizamos diferentes actividades relacionadas coa importancia do uso do galego e traballamos diferentes poemas de Xela Arias.
- o Os maíos: Decoramos con flores e diferentes elementos naturais unha estrutura por escola coa colaboración das familias.

• INFORMACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO VINDEIRO CURSO

Tendo en conta a valoración realizada sobre o curso 2020/2021 para este curso 2021/2022 seguiranse unhas liñas de actuación similares, continuando co traballo e desenvolvemento das conmemoracións tradicionais galegas como modo para o achegamento dos nenos e nenas á cultura galega; aproveitaranse ás actividades propostas polo Concello e outras organizacións ou asociacións relacionadas co uso e fomento do galego; e potenciarase a lectura en galego a partir do proxecto lector e as bibliotecas de aula.

Co fin de intentar potenciar o uso do galego entre o alumnado fomentarse a comunicación en lingua galega nas diversas actividades de aula así como no tempo de lecer e procurarse un maior uso desta lingua entre o claustro docente.

12. AVALIACIÓN DA PXA

A P.X.A. avaliarase na Memoria de fin de Curso, onde se reflectirán as dificultades atopadas e as medidas encamiñadas a solucionarlas, os logros obtidos, os proxectos que non se puideron realizar e as causas polas que non se levaron a cabo.

13. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
2º CICLO DE
EDUCACIÓN INFANTIL**



C.R.A. O ESQUÍO

CURSO 2021/2022

ÍNDICE

- 1. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.**
- 2. COMPETENCIAS BÁSICAS.**
- 3. OBXECTIVOS XERAIS.**
- 4. CONTIDOS XERAIS.**
- 5. EDUCACIÓN EN VALORES.**
- 6. METODOLOXÍA.**
- 7. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.**
- 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**
- 9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**
- 10. ANEXOS PROGRAMACIÓN: PROXECTOS E INVESTIGACIÓNS QUE XURDEN NA AULA COAS QUE ACADAMOS OS OBXETIVOS XERAIS DE ETAPA E DE ÁREA.**

1. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Este proxecto vén xustificado pola súa definición e obxectivo. Segundo **Viciano 2002**, é a planificación da tarefa educativa para un grupo concreto de alumnos/as nun tempo concreto, neste caso o curso 2020/2021. O *obxectivo*, seguindo a **Imbernón e Zabalza**, é ordenar o proceso de ensino/aprendizaxe e adaptar a tarefa docente ás características do alumnado e ao contexto, asegurando a coherencia no proceso educativo.

A **NECESIDADE DA PROGRAMACIÓN**, ven dada tamén por catro razóns fundamentais:

- ▶ **Razóns psicolóxicas:** **Vigotsky e Piaget** din que a programación debe adaptarse ás necesidades, intereses e nivel psicomadurativo dos nenos/as.
- ▶ **Razóns pedagóxicas:** **Imbernón, Zabalza e autores da Escola Nova**, din que é necesaria para sistematizar o desenvolvemento do currículo e mellorar a tarefa docente.
- ▶ **Razóns sociais:** Veñen dadas pola sociedade que demanda a introdución do alumnado nas TIC's e na educación en valores.
- ▶ **Razóns legais:** O **Real Decreto 1630/2006** do 29 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas para o 2º ciclo de Educación Infantil e o **Decreto 330/2009** do 4 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Infantil en Galicia, baseándose no **enfoque globalizador**, din que o profesorado temos que plasmar **propostas didácticas integradas e diversas** que sexan significativas para o alumnado.

Marco organizativo e curricular: En primeiro lugar, temos presente a **Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación**, e ao situarnos nun centro rural agrupado o **Decreto 374/1996** do 17 de outubro e a **Orde 22 de xullo de 1997** que establecen o regulamento orgánico dos centros. Para elaborar a **Programación Didáctica** contamos co **Proxecto Educativo** do centro (PE), instrumento que concreta as decisións colectivas curriculares para definir as características da intervención pedagóxica do centro e dotala de coherencia ao longo do ensino. Este PE, concrétase cada ano na **Programación Xeral Anual**, que recolle as medidas organizativas e curriculares para este curso 2020/2021 e na **Programación Didáctica** elaborada polo equipo de ciclo de educación infantil, partindo das disposicións curriculares.

Contextualización:

Diagnóstico do centro: O CRA O ESQUÍO está situado na localidade de Valdoviño e conta cun total de 3 escolas con aulas mixtas. A escola de Vilarrube e a escola de Lago con aulas mixtas dende 4º EI ata 1º de primaria, e a escola de Taraza cunha aula mixta dende 4º EI ata 2º de primaria.

A **xornada escolar** é **continua** cun horario de 9:30h. a 14:30h., regulada pola **Orde do 29 de**

maio de 2008 pola que se establece o proceso da implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta.

As **instalacións** non cumpren o establecido no **Real Decreto 132/2010** do 12 de febreiro que regula os requisitos mínimos dos centros que imparten o 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria, e non contamos co servizo de **comedor** regulado no **Decreto 132/2013** do 1 de agosto, de comedores escolares dos centros docentes dependentes da consellería.

Pero este ano si contamos co servizo “Concilia tempos mañás en Valdoviño” (madrugadores), do que se fará uso na escola de Taraza con 4 alumnos/as desta escola.

Canto ao departamento de orientación, estamos adscritos ao CPI de Atios da nosa localidade, pero este ano contamos cun mestre de audición e linguaxe dous días a semana, que ven do CEIP de Pazos.

Canto ao **diagnóstico das aulas** sinalo a continuación o número de alumnado de cada escola e o nivel no que se atopan:

Escola de Vilarrube:

2º primaria	0
1º primaria	2
6º ei	5
5º ei	3
4º ei	2

Escola

2º primaria	0
1º primaria	3
6º ei	1
5º ei	2
4º ei	4

Escola de Lago:

de Meirás:

2º primaria	3
1º primaria	1
6º ei	1
5º ei	5
4º ei	8

Todos estes alumnos e alumnas foron admitidos cumprindo o establecido no **Decreto 254/2012** do 13 de decembro e na **Orde do 12 de marzo de 2013** que regulan a admisión do alumnado.

Cumpren a ratio establecida na **Orde 25 de xuño de 2009** e na **Orde do 12 de marzo de 2013**.

En canto á **LINGUA AMBIENTAL**, empregamos nas aulas a lingua materna do alumnado seguindo así o proxecto lingüístico do centro aprobado polo claustro. Aínda que, como os nenos e nenas son castelán falantes, empregaremos tamén o galego a través de diversas actividades, para que ao finalizar o ciclo adquiran de forma oral e escrita as dúas linguas ambientais da nosa comunidade autónoma, dentro dos límites establecidos para a etapa seguindo o **Decreto 330/2009**, a **Orde 25 de xuño de 2009** e o **Decreto 79/2010 do 20 de maio**, para o plurilingüismo, que desenvolve a **Lei 3/1983 do 15 de xuño** de Normalización Lingüística.

Canto aos **recursos humanos nas nosas escolas**, desenvolvemos a nosa labor varias mestras e mestres. O mestre de lingua estranxeira e linguaxe musical, a mestra de psicomotricidade e as titoras de cada escola, así como tamén un mestre de relixión católica compartido con outro

centro, un mestre de pedagogía terapéutica a media xornada, e unha mestra de apoio.

2. COMPETENCIAS BÁSICAS.

As **competencias básicas**, como manifestan, **Isus e outros** (2002), comportan un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e capacidades persoais que complementáanse entre si, de xeito que o individuo para actuar con eficacia debe: *saber, saber facer, saber estar e saber ser*. No “**Proxecto DeSeCo**” defínense como a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma axeitada. A LOE e o **Decreto 330/2009** establecen 8 competencias que aínda que veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso iniciar o seu desenvolvemento ao inicio da escolarización para unha adquisición progresiva. Cambian o modelo educacional, sendo o novo paradigma referente o “aprender a aprender”. Cada competencia abordarase a través dos obxectivos e contidos das diferentes áreas, e cada obxectivo axudará a desenvolver varias competencias, polo tanto, a través dunha metodoloxía globalizadora e constructivista, faremos que as competencias se relacionen cos demais elementos curriculares de forma integradora e interdisciplinar. Seguindo a **Muñoz Sandoval**, presentamos a súa definición:

Competencia en comunicación lingüística (CL): a linguaxe é vía de aprendizaxe, de expresión e comunicación, de autorregulación persoal, de relación e interacción cos outros.

INDICADORES PARA A COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA
Comprender ordes e mensaxes orais.
Comprender textos narrativos sinxelos.
Practicar a escoita activa e outras estratexias de diálogo.
Pronunciar claramente e utilizar recursos expresivos lingüísticos.
Expresar de forma correcta necesidades e demandas.
Expresar ideas e sentimentos.
Describir obxectos e imaxes.
Etiquetar imaxes referidas ao vocabulario básico.
Ler e escribir palabras significativas.
Utilizar a biblioteca.

Comunicar ideas sinxelas e significativas nunha lingua estranxeira
Adaptar a comunicación ao contexto
Utilizar el dialogo para resolver conflitos
Eliminar estereotipos e expresións sexistas

Competencia matemática (CM): supón habilidade para usar números e operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir como para interpretar os distintos tipos de información.

INDICADORES PARA A COMPETENCIA MATEMÁTICA
Contar e ordenar obxectos
Asociar cantidade e número (serie numérica)
Estimar medidas
Ordenar obxectos e numeralos
Situarse no tempo
Ubicar no tempo actividades cotiás
Clasificar elementos segundo determinados criterios
Identificar formas planas e obxectos que as representan
Explorar corpos xeométricos e formas tridimensionais do entorno
Resolver problemas sinxelos da vida cotiá.
Desenvolver as tarefas con iniciativa, constancia e rigor

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (CCIMF): está relacionada directamente co coñecemento, valoración e coidado do entorno físico e natural. Implica unha actuación responsable de respecto e coidado.

INDICADORES PARA O COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO
Explorar e coñece-lo corpo
Controla-lo corpo en repouso e movemento
Utilizar os hábitos de hixiene, alimentación, vestido e descanso
Previr os riscos e os perigos
Ter comportamentos de saúde

Observar o medio natural
Protexer e conservar o entorno
Amosar curiosidade por coñecer os seres vivos, os materiais e a paisaxe
Formular hipóteses sobre causas e consecuencias dos fenómenos naturais
Establecer relacións entre fenómenos
Gozar das actividades en contacto coa natureza

Tratamento da información e competencia dixital (TICD): supón a adquisición das habilidades no tratamento da información para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento.

INDICADORES PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL
Acceder ao ordenador
Manexar o rato e o teclado
Manexar o encerado dixital interactivo
Debuxar cos programas
Realizar xogos
Manexar as iconas para utilizar os programas
Manexar enlaces na navegación controlada
Respectar o tempo de uso
Valorar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación
Gozar co uso dos medios audiovisuais

Competencia social e cidadá (CSC): supón optar pola autenticidade nas relacións interpersoais e implica interiorizar valores e adquirir actitudes e habilidades sociais para que sexa posible convivir nunha sociedade cada vez máis plural.

INDICADORES PARA A COMPETENCIA SOCIAL E CIDADANA
Practicar o respecto e a colaboración
Coidar a saúde
Coidar o entorno
Construír, aceptar e cumprir regras e normas
Ter un sentido de pertenza á familia e á escola
Establecer relacións con grupos cada vez máis amplos

Compartir actividades con persoas doutras culturas
Coñecer e participar nas actividades sociais do entorno
Resolver conflitos mediante o diálogo
Escoitar e participar de forma activa en situacións habituais
Coñecer, controlar e expresar os seus sentimentos e emocións
Manifestar afecto cos adultos e cos iguais
Comprender as intencións e sentimentos doutros nenos e adultos

Competencia cultural e artística (CCA): implica a posibilidade de valorar e comprender as diferentes manifestacións culturais e artísticas e apreciar a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa a través da música, arte, linguaxe,...

INDICADORES PARA A COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA
Representación plástica do corpo
Representación gráfica do entorno
Asociar formas xeométricas, naturais e artísticas
Practicar distintos materiais e técnicas
Utilizar o son e o silencio como expresión
Seguir ritmos
Cantar cancións
Utilizar a biblioteca para ver e ler contos
Facer xuízos sobre as obras artísticas, desde o seus gustos e intereses
Facer música con obxectos e instrumentos musicais
Escoitar obras musicais
Participar en movementos e danzas
Realizar dramatizacións
Interese por escoitar contos, historias, etc
Recitar poemas
Amosar interese polas actividades culturais
Respecto e coidado polo patrimonio cultural
Manifestar interese polos costumes dos nenos doutras culturas

Competencia para aprender a aprender (CAA): supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuoalo de xeito autónomo, buscando respostas e admitindo diversas solucións.

INDICADORES PARA A COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER
Coñecer e confiar nas súas posibilidades
Valorar o traballo ben feito
Planificar e organizar tarefas
Prestar e manter a atención
Ser constante nas tarefas
Observar e explorar
Recoller e rexistrar información
Manter unha actitude adecuada

Autonomía e iniciativa persoal (AIP): supón saber optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida no ámbito persoal, social ou laboral.

INDICADORES PARA A COMPETENCIA NA AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL
Actuar con seguridade
Ter unha imaxe axustada das súas posibilidades e limitacións
Adoptar comportamentos de prevención e seguridade ante o risco
Actuar con autonomía na hixiene, alimentación, vestido e descanso
Cumprir con responsabilidade as tarefas
Resolver novas tarefas e problemas da vida cotiá
Iniciativa para desprazarse polos espazos habituais
Tolerar a frustración e o fracaso

3. OBXECTIVOS XERAIS.

Zabalza (2011) considera que “o establecemento dos obxectivos supón un proceso de reflexión, de depuración e de explicitación do que se quere facer”. Seguindo un proceso de adaptación, concreción e avaliación, establécense 3 niveis xerárquicos. Para concretalos parto dos establecidos na LOE, no **Real Decreto 1630/2006** e no **Decreto 330/2009**.

3.1. Obxectivos xerais de etapa: establecen as capacidades que se espera teñan adquiridas as nenas/os ao finalizar a etapa: **físicas, afectivas, sociais e intelectuais**. Son **prescritivos** e non son medibles ni avaliáveis:

*Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a

respectar as diferenzas.

*Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

*Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

*Desenvolver as súas capacidades afectivas.

*Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

*Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

*Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

*Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

*Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das TIC'S.

3.2. Obxectivos xerais de área: son prescriptivos e refírense ás capacidades que se espera teña adquiridas o alumnado como consecuencia da intervención escolar ao traballar as tres áreas de experiencia ao finalizar a etapa. Relaciónanse coas competencias básicas, xa que estas como dixen anteriormente, teñen un carácter interdisciplinar e integrador. Ao final de cada obxectivo irei poñendo os códigos das competencias coas que teñen máis relación:

Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

*Formarse unha autoimaxe positiva, identificando as propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo a autoestima e autonomía persoal. AIP, CSC.

*Coñecer o seu corpo, as posibilidades de acción e expresión, coordinando xestos e movementos. AIP, CCA.

*Realizar tarefas sinxelas/resolver problemas cotiás, superando as dificultades que se presentan, reforzando a autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda. CCIMF, CSC.

*Identificar sentimentos e emocións propios e dos outros e comunicalos. CSC, CL.

*Adecuar o propio comportamento ás necesidades das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración. CSC, CAA.

*Progresar na adquisición de hábitos de seguridade, hixiene, alimentación, saúde. AIP, CSC.

*Progresar na adquisición de hábitos de orde e planificación das tarefas. CAA, AIP.

*Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais. CSC, CCIMF.

*Descubrir e vivir o xogo como medio que favorece o desenvolvemento. CCIMF, CAA.

Área de coñecemento do contorno.

- *Observar e explorar de forma activa o seu contorno. CCIMF, CSC.
- *Observar os cambios e modificacións dos elementos do contorno, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e conservación. CCIMF, TICD.
- *Iniciarse na formulación de hipóteses dalgúns experimentos realizados. CL, CM.
- *Relacionarse cos demais persoas, de forma equilibrada e satisfactoria, interiorizando pautas de comportamento. CSC, CL.
- *Coñecer distintos grupos sociais, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida. CAA, CCIMF.
- *Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen. CAA, CCIMF.
- *Apreciar e facer seus algúns elementos propios da tradición e da cultura galega -expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc...CSC, CCIMF.
- *Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando coleccións, identificando os atributos e calidades, establecendo relacións de clasificación, orde e cuantificación. CM, TICD.
- *Empregar o coñecemento matemático establecendo relacións, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc... CM, CAA.

Área de linguaxes: comunicación e representación.

- *Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais (silencio, mirada, xestualidade, olfacto e tacto) como elementos xenuínos da comunicación humana. CSC, CCIMF.
- *Comprender que as palabras, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos poden representar pensamentos, experiencias, coñecementos e ideas das persoas. CL, CM.
- *Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con diferentes interlocutores e contextos, valorando a lingua para relacionarse, regular a convivencia e para o aprendizaxe. CAA, CL.
- *Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas. CL, CSC.
- *Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos. CL, CSC.
- *Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación. CL, CCA.
- *Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos. CL, TICD.
- *Comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita-, e recrear textos.
CCA, CL.
- *Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e pracer.
CCIMF, CAA.

*Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos... CCA, CL.

*Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, adquirindo sensibilidade estética. CCA, TICD.

*Desenvolver autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas. AIP, CCA.

*Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación. TICD, CAA.

3.3. Obxectivos didácticos ou de aprendizaxe: constitúen as intencións educativas e unha guía inmediata para planificar a aprendizaxe, proporcionan criterios de valoración do proceso e dos resultados. Son o referente indispensable para avaliar a adquisición de capacidades e competencias básicas. Son observables, medibles e avaliáveis e contribúen á consecución das capacidades propostas. Son coherentes e adecúanse ás características do centro e do alumnado a través da Programación Didáctica de Ciclo. Adáptanse ao nivel correspondente e gardan coherencia cos contidos propostos.

Os obxectivos didácticos para o 2º ciclo de educación infantil son:

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.

- Construír o esquema corporal mediante sensacións e percepcións.
- Vivenciar o seu corpo e sentir as súas partes.
- Expresarse co corpo a través de xestos e movementos.
- Recoñecer os sentidos como medio para comprender o entorno.
- Controlar as necesidades básicas do corpo.
- Identificar sentimentos propios e dos compañeiros.
- Controlar progresivamente as súas emocións.
- Identificar e respectar as súas preferencias e as dos demais.
- Explorar o seu corpo e as súas posibilidades e limitacións.
- Valorar positivamente as diferenzas entre as persoas.
- Recoñecer e valorar os cambios físicos nas persoas.
- Vivenciar distintas referencias espazo-temporais.
- Aceptar a identidade propia e dos demais.
- Gozar co xogo como medio para coñecer a realidade.
- Xogar co seu corpo de xeito individual e grupal.
- Aceptar compromisos e acordos tendo en conta aos demais.
- Aceptar regras nos xogos grupais.

- Recoñecer o xogo como elemento común a todas as culturas.
- Valorar xogos propios e doutras culturas.
- Mellorar as habilidades motrices.
- Coordinar movementos segmentarios no uso das TIC'S.
- Adaptar a postura corporal ás características da situación.
- Adquirir nocións básicas de orientación corporal.
- Adquirir dominio nas capacidades corporais.
- Adaptar o ton e a postura a unhas características concretas.
- Coordinar movementos corporais e orientarse no espazo.
- Interaccionar e colaborar cos seus iguais.
- Establecer relacións de afecto con outras persoas.
- Resolver de xeito pacífico os conflitos da aula.
- Planificar a acción para resolver tarefas sinxelas.
- Interesarse polas actividades cotiás con certa autonomía.
- Amosar iniciativa e esforzo nas actividades cotiás.
- Adquirir hábitos elementais de organización nas rutinas cotiás.
- Valorar o traballo ben feito.
- Buscar recursos para rematar os proxectos.
- Realizar tarefas satisfactoriamente.
- Xestionar o seu comportamento en función das necesidades.
- Adquirir hábitos saudables e de benestar.
- Adquirir hábitos de hixiene corporal empregando espazos e materiais.
- Recoñecer as necesidades básicas do corpo e satisfacelas axeitadamente.
- Aceptar normas de comportamento e pautas sociais.
- Solicitar e prestar axuda.
- Colaborar no mantemento de espazos saudables.
- Manifestar gusto por un aspecto persoal coidado.
- Empregar útiles cotiás na aula evitando riscos.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO ENTORNO.

- Clasificar e explorar obxectos atendendo ás súas propiedades.
- Comparar as propiedades de diversos materiais.
- Empregar os números para contar en situacións funcionais.
- Facer uso da acción de contar como estratexia para obter datos.
- Numerar e ordenar elementos na vida diaria.
- Rexistrar cantidades en situacións contextualizadas.

- Localizar datos numéricos e facer estimacións.
- Utilizar os xogos de mesa para razoar e divertirse.
- Investigar o comportamento físico de materiais e obxectos.
- Achegarse a magnitudes físicas comparando e observando.
- Identificar situacións nas que hai que medir.
- Orientarse temporalmente a través das rutinas da aula.
- Establecer relacións de orientación espacial.
- Explorar as características dos corpos xeométricos.
- Interpretar o espazo empregando a imaxinación en debuxos.
- Recoñecer países en fotos e mapas.
- Discriminar diferentes características dos elementos naturais.
- Explorar activamente obxectos do medio natural.
- Observar características dos seres vivos.
- Observar seres vivos na aula contrastando datos cos iguais.
- Identificar cambios nas diferentes estacións.
- Identificar as características dos fenómenos atmosféricos.
- Hipotetizar sobre causas/consecuencias de fenómenos atmosféricos
- Realizar hipóteses e consensuar respostas cooperativamente.
- Participar en investigacións sobre un centro de interese.
- Representar resultados obtidos nas investigacións.
- Hipotetizar sobre fenómenos producidos por nós mesmos.
- Interesarse polo descubrimento activo.
- Apreciar o medio natural como espazo para a recreación.
- Aceptar pequenas responsabilidades da vida da aula.
- Compartir materiais e obxectos cos seus iguais.
- Iniciar relacións con nenos e nenas doutras culturas.
- Valorar o traballo dos diferentes servizos na comunidade.
- Achegarse a algúns resgos da cultura galega.
- Recoñecer e identificar festas doutras culturas.
- Aproximarse a personaxes significativos galegos e doutras partes do mundo.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

- Valorar a linguaxe oral como medio para expresar sentimentos.
- Expresar e comunicar ideas ao grupo.
- Acomodar os seus enunciados aos formatos convencionais.
- Participar en xogos orais ampliando o vocabulario.

- Empregar a lingua oral para regular a súa conduta.
- Empregar novo vocabulario en situacións cotiás.
- Participar en debates e conversas respectando as normas.
- Empregar argumentos nas súas conversas.
- Participar en conversas, narracións e xogos lingüísticos.
- Iniciarse na lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Empregar diferentes soportes para iniciarse na lingua escrita.
- Percibir semellanzas e diferenzas nas palabras.
- Prestar atención nas narracións e instrucións lidas por outros.
- Reproducir palabras significativas e usuais.
- Diferenciar entre formas escritas e outras formas de expresión.
- Mellorar no uso da escrita a través de contos, poesías e adiviñas.
- Producir trazos cada vez máis lexibles e precisos.
- Comprender lecturas e recitar poesías adaptadas.
- Apreciar a biblioteca de aula como espazo para divertirse.
- Empregar a biblioteca como recurso.
- Compartir sentimentos producidos por obras literarias.
- Dramatizar poesías con recursos non lingüísticos.
- Gozar escoitando lecturas doutros nenos/as en voz alta.
- Valorar a lectura como fonte de aprendizaxe.
- Utilizar diferentes materiais para realizar producións plásticas.
- Planificar a elaboración de obras plásticas.
- Identificar elementos plásticos básicos en obras de arte.
- Explorar as posibilidades creativas de diversos materiais.
- Valorar obras plásticas do noso entorno e doutros países.
- Crear composicións artísticas con material de refugallo.
- Explorar diferentes técnicas plásticas.
- Interpretar obras plásticas indicando emocións que lle producen.
- Realizar xestos e movementos para expresarse e comunicarse.
- Dramatizar os sentimentos que lles provoca un texto.
- Dramatizar poemas con recursos variados.
- Participar activamente en xogos musicais.
- Vivenciar o son a través de obras musicais.
- Crear movementos e ritmos musicais para comunicarse.
- Explorar as posibilidades sonoras da voz e do corpo.

- Interpretar e asociar cancións e obras musicais.
- escoitar atentamente obras musicais.
- Utilizar as tecnoloxías como fonte de información, investigación e aprendizaxe.
- Achegarse ao uso da cámara fotográfica.
- Coidar e usar as ferramentas tecnolóxicas.
- Investigar sobre o centro de interese coa axuda das TIC'S.
- Achegarse a producións audiovisuais.
- Valorar de xeito crítico os contidos das producións audiovisuais.
- Usar moderadamente as TIC'S.

4. CONTIDOS XERAIS

Son un conxunto de **formas e saberes culturais** seleccionados en función dos obxectivos. Recóllense na **LOE**, no **Real Decreto 1630/2006** e no **Decreto 330/2009** e adáptanse ás características do centro a través da Programación de Ciclo. Son de natureza conceptual, procedimental e actitudinal, aínda que en base ao enfoque competencial cobran máis relevancia os procedementos e actitudes na educación infantil.

Área 1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

O corpo e a propia imaxe.

- Identificación do esquema corporal a través da exploración do propio corpo, das súas características, sensacións, percepcións e interaccións cos compañeiros.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais como medio de comprensión do mundo.
- Regulación e control das necesidades básicas corporais.
- Identificación, verbalización, control e expresión dos propios sentimentos e emocións.
- Aceptación da propia imaxe a través do descubrimento das súas posibilidades motrices.
- Valoración propia axustada e positiva, recoñecendo posibilidades e limitacións.
- Observación e valoración dos cambios físicos nas persoas como co paso do tempo.
- Aceptación das diferenzas nas persoas evitando actitudes discriminatorias.
- Adquisición de referencias espazo-temporais partindo do corpo, persoas e obxectos.
- Asimilación da identidade sexual e rexeitamento aos estereotipos ofertados polos medios.

Xogo e movemento.

- Implicación no xogo e no movemento con iniciativa e conciencia das posibilidades.
- O xogo como medio para coñecer a realidade, como forma de gozo e relación cos demais.
- Establecemento de acordos durante o xogo e comprensión e aceptación das normas.
- Potenciación do xogo como ferramenta para coñecer tanto a súa cultura como outras.
- Progresión na coordinación psicomotriz fina e grosa.
- Progresión no dominio das habilidades motoras e control do equilibrio, ton e respiración.

- Adquisición de nocións básicas de orientación e de coordinación en diferentes contextos.
- Coñecemento das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas amosando interese por aprender novas habilidades.

A actividade cotiá.

- Relación e colaboración cos demais establecendo relacións e valorando a diversidade.
- Xestión do seu comportamento cara á unha axeitada resolución de conflitos.
- Resolución e planificación autónoma das tarefas tendo en conta posibilidades e limitacións.
- Adquisición de hábitos básicos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Gusto polo traballo ben feito empregando recursos axeitados e pedindo axuda se a necesita
- Adecuación do seu comportamento ás necesidades dos demais e ás normas do grupo
- Autorrecoñecemento da identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos.

O coidado persoal e a saúde.

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo e realización de accións relacionadas.
- Interiorización das pautas sociais establecidas nas comidas, desprazamentos e hixiene.
- Capacidade para pedir axuda e valoración da mesma nas situacións que así o requiran.
- Valoración de hábitos saudables e ambientes limpos para o seu desenvolvemento.
- Satisfacción ante un aspecto persoal coidado manifestando os seus gustos.
- Emprego axeitado de instrumentos e espazos previndo situacións de risco e enfermidades.

Área 2. Coñecemento do contorno.

Medio físico: elementos, relacións e medida.

- Clasificación e cuantificación de obxectos recoñecendo características, funcións e usos.
- Exploración lúdica das propiedades dos corpos xeométricos.
- Recoñecemento da funcionalidade do número na vida real e rexistro de cantidades.
- Emprego da acción de contar para obter resultados e cálculos sinxelos e funcionais.
- Proposición e resolución de sinxelas problemáticas da vida diaria.
- Emprego de xogos de mesa como actividades lúdicas para reflexionar e divertirse.
- Aproximación a algunhas magnitudes físicas a través de procedementos como a comparación, observación e exploración de obxectos con diversas accións e situacións.
- Concepción do paso do tempo a través da realización das actividades diarias.
- Achegamento ao uso do calendario e orientación temporal usando as nocións correctas.
- Establecemento de relacións de orientación espacial empregando o vocabulario topolóxico elemental e representación dos espazos con imaxinación en debuxos, planos, mapas...

Achegamento á natureza.

- Observación a través dos sentidos dalgunhas características, funcións e cambios nos seres vivos, empregando a exploración e contrastando as observacións.
- Interese, respecto e coidado cara o medio natural.
- Detección dos cambios coa luz, o sol e a lúa, ao longo dun día, dos meses e estacións.
- Formulación e contraste de hipóteses buscando explicacións sobre as causas e consecuencias dos fenómenos do medio natural e dos relacionados coa acción humana.
- Gozo realizando actividades na natureza e valoración da súa transcendencia como lugares para a recreación e conservación tendo en conta a súa importancia para o benestar.
- Participación en investigacións expresando as actividades realizadas e resultados obtidos.

Cultura e vida en sociedade.

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos de pertenza valorando as relacións afectivas que neles se establecen, colaborando e asumindo responsabilidades.
- Disposición para manter relacións afectivas e recíprocas con nenas/os doutras culturas.
- Aproximación ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos da comunidade evitando calquera estereotipo.
- Colaboración cos demais na vida da aula compartindo e resolvendo os conflitos xurdidos.
- Recoñecemento de signos culturais galegos e persoas galegas e do mundo relevantes.

Área 3. Linguaxes: comunicación e representación.

Linguaxe verbal.

***Escoitar, falar e conversar.**

- Uso e valoración da lingua oral como medio para relatar feitos, expresar ideas, emocións, para facer peticións e para regular o comportamento propio e o dos demais.
- Participación en situacións orais mellorando o vocabulario, argumentando ideas e respectando quendas.
- Utilización das formas sociais establecidas para relacionarse cos demais.
- Participación en rutinas e situacións orais en lingua estranxeira cunha actitude positiva.

***Aproximación á lingua escrita.**

- Aproximación á lingua escrita en situacións contextualizadas e reais como medio de comunicación, expresión e goce a través de diversos soportes.
- Atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Percepción de diferenzas e semellanzas entre palabras e frases atendendo a propiedades cuantitativas (número de letras, palabras longas/curtas) e cualitativas (variedade de grafías).
- Progreso na decodificación de palabras e gusto por producir trazos lexibles e precisos.

***Achegamento á literatura.**

- Escoita e comprensión da lectura de contos, relatos, poesías, rimas, adiviñas en voz alta tradicionais e contemporáneas, en ambas as linguas propias como fonte de pracer.
- Dramatización de textos literarios e interese por expresarse a través de recursos non orais.
- Memorización e recitado de poemas, gozando co ritmo, a rima e a beleza das palabras.
- Participación creativa en xogos lingüísticos aprendendo xunto cos iguais e persoas adultas.
- Iniciación ao uso das bibliotecas como recurso para achegarse á literatura e para divertirse.

Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

- Exploración sensorial das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes e das diversas técnicas como recursos e medios de expresión e comunicación.
- Experimentación das posibilidades de transformación dos diversos materiais e obxectos.
- Interpretación e valoración dos diversos tipos de obras compartindo as sensacións xeradas.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica e do seu desenvolvemento.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do corpo, dos obxectos cotiáns e dos instrumentos musicais e utilización destes sons para a interpretación e creación musical.
- Audición de obras musicais e participación na interpretación de cancións e xogos musicais.
- Expresión con xestos e movementos como recursos corporais e para o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas e calquera outro xogo de expresión corporal colaborando na elaboración dos elementos para a súa ambientación.
- Enriquecemento da creatividade fomentando a imaxinación e a fantasía.

Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación.

- Utilidade dos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, expresión, exploración e investigación e emprego responsable e moderado destes recursos.
- Aproximación a producións audiovisuais como películas, series e videoxogos.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

5. EDUCACIÓN EN VALORES.

No que se refire ao **ámbito social**, enténdese a **educación en valores** como o proceso que capacita ás persoas dos mecanismos cognitivos e afectivos que nos axudan a convivir coa equidade e comprensión necesarias para integrarnos como persoas únicas na sociedade.

Encarnación Portero Fernández, selecciona unha lista de valores entre os que destacamos a amizade, a colaboración ou o respecto. Di que os momentos clave para traballar os valores son as asembleas, horas de ocio e o momento da saída en colaboración coas familias para garantir a

interiorización dos valores de xeito natural. A educación en valores tamén irá orientada á sensibilización ante temas recollidos na **Lei 4/2011** de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa; na **Lei 27/2005** do 30 de novembro, de fomento da educación e cultura da paz, ou na **Lei 7/2004** do 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres.

6. METODOLOXÍA.

Trataremos as decisións relativas a **como ensinar**, tendo en conta que non existe un método mellor que outro, xa que depende dos beneficios que se conseguen na axuda pedagóxica.

Partindo das **ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS** recollidas no **Decreto 330/2009** e do **enfoque competencial**, organizamos a práctica educativa en torno aos seguintes principios:

PERSPECTIVA DIDÁCTICA.

Organizamos os contidos co **enfoque globalizador** defendido por **Decroly**, xa que os nenos/as deben aprender dende unha perspectiva global, integrada e diversa. Aplicamos o **enfoque competencial** que modifica os puntos de vista convencionais sobre a forma de aprender e de ensinar, pois o aspecto central non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento das posibilidades que posúe calquera individuo mediante fórmulas de “saber e facer” contextualizados.

Partimos do principio de **consistencia evolutiva** de **Piaget** que supón adaptar os contidos e actividades ao nivel psicomadurativo dos nenos. Isto garantirá a aplicación do principio de **pedagogía do éxito** de **Vigotsky** ou **Froëbel**, proponendo aos alumnos/as actividades que partan da **zona de desenvolvemento próximo** e que poidan realizar con éxito.

Poñeremos en práctica o principio das **interaccións positivas medio ambiente/neno/a**, sinalado por **Vigotsky**, a través da **organización do traballo por proxectos** negociados e consensuados no grupo que fomentan as interaccións positivas dos nenos/as co entorno e que permiten que o alumnado aprenda a planificar, decidir, coordinar e organizarse, tal e como sinala **Kilpatrick**.

Outro aspecto da perspectiva didáctica, seguindo a **Montessori** e **Carmen Díez Navarro** é adecuar o ensino aos intereses e necesidades educativas do alumnado, aplicando o principio de **individualización**.

Tamén estará presente nas aulas o **enfoque centrado na filosofía para nenos/as** de **Matthew Lipman**, o Proxecto Noria de **Angélica Sátiro** e o proxecto Miroscopio de **Carmen Loureiro** en Galicia. Con esta proposta pretendemos que a vida cotiá entre nas aulas, aplicando o principio de **aprendizaxe significativo e funcional**, porque as aprendizaxes, seguindo a **Ausubel**, deben de relacionarse co que o alumno/a xa sabe previamente. Ademais, será un **recurso didáctico básico** nas aulas o **principio de actividade lúdica** promovido por **Froëbel** e **Montessori**, xa que o **xogo**

é o motor de desenvolvemento do neno/a e promoveremos un clima de **seguridade e confianza**, onde a **afectividade** sexa o fío condutor do proceso.

AMBIENTE DE APRENDIZAXE. En canto a **distribución espazo-temporal**, é un recurso didáctico básico na nosa tarefa docente a ter en conta, tal como establece a nosa disposición curricular e autores de renome como **Gairín, Antúnez** ou **Piaget**.

A **distribución do tempo** é un recurso flexible, organizativo e relevante no proceso de construción persoal dos nenos/as. Adaptámonos ás características e ritmos do alumnado seguindo o principio de flexibilidade, acomodando a secuencia temporal e duración das actividades ao modo de ser e de aprender dos nenos, combinando tempos de actividade con tempos de descanso, tempos onde seguirán ás miñas consignas e outros nos que realizarán xogo libre e espontáneo. Temos en conta a **curva de aprendizaxe de Emil Kraepelin**, que di que as tarefas que requiren maior esforzo e concentración débense facer a primeira hora da mañá. Traballaremos con carácter invariable **hábitos ou rutinas**, que contribúen á creación dun ambiente de seguridade e supoñen unha secuencia estable de actividades, favorecen a comprensión do paso do tempo e axudan a prever accións.

Distribución da xornada da aula de forma xeral:

- *Momento da entrada:* autonomía no vestido, rutinas, asemblea inicial, motivación cara ao centro de interese e propostas de aprendizaxe de Reggio Emilia.
- *Actividades sobre o centro de interese* en diferentes agrupamentos como o gran grupo, a nivel individual, parellas, pequenos grupos, etc...
- *Hora do aseo, almorzo e saída ao patio do recreo.* Volta á calma e hora de ler.
- *Actividades rotatorias* nos recantos ou actividades tamén en diferentes agrupamentos de linguaxe artístico, corporal, musical, dixital, etc...
- *Momento de recoller e despedirse.* Asemblea de recordo e rutinas de saída.

Dentro da organización do tempo sinalar que recibirán cada semana unha sesión de linguaxe musical, unha sesión de lingua estranxeira, dúas sesións de psicomotricidade e unha sesión de ensinanza relixiosa ou atención educativa segundo a opción elixida.

TRÁNSITO LIBRE. O alumnado distribúese nos diferentes espazos da escola, tanto exteriores como interiores. Deste xeito cubrimos as necesidades individuais de cada neno e nena ao tempo que favorecemos a autonomía, a toma de decisións e a elección das actividades a realizar. Nestas sesións contamos sempre con dous mestres ao mesmo tempo, xa que ten que haber un no exterior e outro no interior no caso de que haxa nenos e nenas nos dous espazos.

O **espazo** organizámolo con intención educativa de modo que permita atender ás necesidades de movemento, afecto, xogo, exploración, comunicación ou descanso dos nenos/as. Esta

distribución facilitará os desprazamentos e será accesible seguindo a **Fröebel** ou **Decroly**. Tódolos espazos son xeradores de interacción e comunicación, polo que prevemos que as nenas/os dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sos, para xogar e relacionarse cos demais; para actividades que requiran concentración e espazos amplos que faciliten o movemento dentro das posibilidades das aulas.

Temos tamén en conta o **espazo exterior** xa que debe ser unha prolongación do que acontece na aula. Por iso, poñeremos en marcha este curso o tránsito libre xa comentado previamente.

Temos **áreas diferenciadas de actividade** como os recunchos ou zonas de xogo libre que estimulan a interacción infantil, a planificación e toma de decisións, a actividade mental e permítenos atender á diversidade.

No presente curso estamos cambiando os espazos das aulas seguindo así a filosofía Reggio Emilia, que cumpre igualmente con dito anteriormente e a maiores promove a liberdade dos nenos e nenas á hora de elixir tarefas, trabállase con material da contorna, especialmente material natural, é moi coidadosa coa distribución dos mobles e estanterías da aula para a creación dun ambiente favorable, etc...

Os **materiais** serán variados, asequibles e motivadores, adaptados á idade dos nenos/as cumprindo as normas básicas de seguridade e hixiene e os principios de funcionalidade que propugna **Gimeno Sacristán**.

Os materiais ofrecerán múltiples posibilidades de uso en función das necesidades de cada situación e serán elaborados polo equipo de ciclo.

Tamén contamos seguindo a Reggio Emilia con materiais didácticos como elementos do medio natural e sociocultural que favorecerán o vínculo coa identidade do alumnado e crearán un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar.

Non esquecemos o **papel compensador** da escola, facilitando que algúns pequenos/as teñan acceso á manipulación de obxectos e recursos inusuais no contexto no que se desenvolven. Dentro destes recursos materiais sinalamos a importancia dos **contos** dentro da aula. Elemento motivador que axuda a desenvolver a linguaxe, estimula o vocabulario e ten gran valor pedagóxico como din **Gianni Rodari e Ana Pelegrín**.

PAPEL DO PROFESORADO. O noso papel é de **guías, orientadoras e dinamizadoras**, que organizan e conducen, pero que tamén aprenden, partindo dos coñecementos previos do alumnado. Estimuladoras da creatividade contrarrestando convencionalismos e estereotipos. Seguindo a **Robert Swartz e Lipman**, potenciamos habilidades de pensamento, e proporcionamos ferramentas que lles permitan evolucionar co fin de construír novas aprendizaxes. Partimos dos seus esquemas de coñecemento para ofrecer unha intervención que conecte co saber, saber facer e saber estar. Seguindo a filosofía para nenos traballaremos

habilidades cognitivas e emocionais, deixando que os pequenos pensen, falen e consideren diversas perspectivas de forma que se convertan en persoas máis reflexivas.

PAPEL DO ALUMNADO. Serán protagonistas e exploradores activos da súa aprendizaxe. Aprenderán facendo nun proceso que require observación, manipulación, experimentación, reflexión e esforzo mental, seguindo así a **Reggio Emilia**. Realizarán actividades de forma autónoma, con iniciativa, planificar e secuenciar a súa acción, etc...

AGRUPAMENTOS. Organizamos diversos agrupamentos para atender á diversidade e tamén para fomentar un bo ambiente de convivencia. Así, levaremos a cabo traballos en:

Gran grupo como as asembleas, exposicións, lectura de contos, xogos, cancións, etc... e tamén actividades con nenos/as das outras escolas.

Pequenos grupos como o traballo nas diversas zonas das aulas.

Traballarán tamén en **parellas** desenvolvendo o diálogo, a titoría entre iguais,...

Por último sinalar o traballo a nivel **individual**, que servirá para abordar conceptos máis específicos, o reforzo individual con algún neno/a que o precise, a autoavaliación figuro-analóxica para traballar a reflexión e as habilidades cognitivas que cita a filosofía para nenos de **Mathew Lipman**.

As actividades e agrupamentos comentados con anterioridade realizaranse coas normas de seguridade que marca o protocolo Covid, cunha correcta hixiene de material e de mans en cada cambio de espazo ou de actividade e, dentro do posible, o uso da máscara en todo momento.

APERTURA AO CONTORNO. Será un recurso nas aulas xa que a educación infantil acada o seu pleno sentido nun marco de colaboración entre os elementos que inciden no proceso educativo: o equipo docente, as familias e o contorno, cunha *tarifa compartida*. No centro hai unha boa **coordinación entre o profesorado**, intercámbianse ideas, experiencias, suxerencias,... Levamos a cabo todos en conxunto a preparación e deseño das actividades complementarias.

Promovemos a **participación e colaboración coas familias**, a través dunha vía formal, como o Consello Escolar ou ANPA, as reunións trimestrais con carácter xeral, as horas semanais de titoría que serán os martes pola tarde adaptándonos aos horarios das familias, notas informativas, co compromiso da rutina semanal do préstamo do libro da biblioteca e tamén coa actividade da mochila viaxeira.

ACTIVIDADES: As actividades que desenvolveremos favorecerán a autonomía, afectividade e a comunicación. Realizamos actividades *iniciais* como as de ambientación, motivación, de coñecementos previos, etc...; de *desenvolvemento* e *finais* para afianzar contidos, e constatar se

acadaron os obxectivos. Temos en conta a **diversidade** da aula, realidade social derivada da singularidade de cada persoa e contexto. Cada neno e nena ten características e peculiaridades, e cada situación que viven provoca neles diferentes estados emocionais e expresións, polo que como mestras adaptamos o proceso de ensino aprendizaxe ao grupo. Seguindo a **Montessori**, individualizamos o ensino partindo do nivel psicoadurativo e as características persoais de cada neno e nena. As medidas de atención á diversidade que adoptemos serán inclusivas e integradoras, tendo en conta o principio de flexibilidade, seguindo así a filosofía do **Decreto 229/2011**. Levamos a cabo, entre outras, as seguintes adecuacións:

- Compensar na medida do posible as desigualdades de partida.
- Ofrecer oportunidades múltiples e variadas de aprendizaxe que transcendan estereotipos.
- Promover un contexto no que atenderemos ás características e peculiaridades dos nenos.
- Realizar unha organización de tempos e espazos, que faciliten a aprendizaxe significativa.
- Poñer en práctica unha educación compartida.
- Prestar máis atención aos procesos que aos resultados que obteña o alumnado.
- Realizar actividades de reforzo e ampliación para evitar a desmotivación ou aburrimiento.

Dentro da metodoloxía, sinalar por último que o noso alumnado traballará a linguaxe musical a partir de cancións, secuencias rítmicas, bailes, coordinación, estimulación auditiva, etc... a lingua estranxeira que ten como obxectivo achegar aos nenos e nenas a unha nova lingua e cultura e inicialos no uso oral da mesma para comunicarse en actividades contextualizadas aprendendo vocabulario de centros de interese como son as cores, animais, roupa, comidas, saúdos e despedidas, palabras de cortesía, etc... e tamén traballarán a psicomotricidade, o que conleva coordinación xeral do corpo, psicomotricidade grossa, habilidades específicas con pelotas, aros, zancos, churros, etc... a participación en xogos colaborativos, a toma de decisións, o esquema corporal, etc...

Todo isto serán os mestres e as mestras especialistas as encargadas de desenvolvero nas aulas, pero como en educación infantil trabállase todo de xeito globalizado, todos estes aspectos traballaránse tamén nas titorías.

Sinalar tamén a ensinanza da relixión católica para aproximar ao alumnado aos valores que esta promove así como a atención educativa para os nenos e nenas que non optan polas ensinanzas relixiosas, cos que se desenvolverá un traballo de educación en valores moi necesarios na nosa sociedade actual. Este traballo desenvolverase a través de contos, curtametraxes, filosofía para nenos e nenas, situacións dialóxicas, etc... todo isto dentro do posible tendo en conta o número de alumnado que opta pola atención educativa.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

Son alumnos/as neae, segundo a LOE e o **Decreto 229/2011** aqueles que requiran de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. O centro non conta con departamento de orientación. Estamos adscritos ao CPI de Atios como dixen anteriormente.

Nos casos dos nenos e nenas con NEAE que podemos atoparnos nas nosas escolas, sinalar que están atendidos especialmente polas titoras e polos mestres de lingua estranxeira, de educación física e profe de apoio que son os que realizan apoios nas aulas. Evidentemente non somos especialistas nin de pedagogía terapéutica nin de audición e linguaxe, polo que os nenos e nenas neae son atendidos o mellor posible dentro das nosas posibilidades e coñecementos. Ademais, comezamos a súa atención no momento en que se detecta a necesidade, e ríxese polos principios de **equidade, normalización, inclusión e compensación de desigualdades**, dándolles a resposta educativa que mellor se adapte ás súas necesidades.

A maiores, temos un mestre de audición e linguaxe compartido co CEIP de Pazos e que ven dous días á semana para adicalos neste caso, á unha nena NEAE coa que traballa os aspectos máis específicos, e a outros dous nenos que tamén teñen algunhas dificultades.

8. AVALIACIÓN.

Pila Teleña di sobre a avaliación que consiste nunha operación que se realiza na actividade educativa que ten como obxectivo alcanzar o melloramento continuo dun grupo de alumnos. A **Orde 25 de xuño de 2009** que regula a implantación, desenvolvemento e avaliación do 2º ciclo da educación infantil en Galicia, di que debe constituír unha **práctica habitual e permanente** na aula para mellorar os procesos de ensino-aprendizaxe. Dado o seu **carácter global** atendemos ao desenvolvemento das capacidades do alumnado e á práctica docente. O **carácter continuo** permítenos coñecer como levo a cabo o proceso, se é axeitado ou polo contrario temos que modificar a intervención educativa e en que dirección, conferíndolle así un carácter **formativo, retroalimentador, regulador, orientador e autocorrector**.

A continuación, pasamos a formular uns interrogantes sobre a avaliación seguindo a **César Coll**. **QUE IMOS AVALIAR?** A resposta está nos **criterios de avaliación**, indicadores do grao de consecución das capacidades sinaladas nos obxectivos, consensuados polo equipo de ciclo e adaptados polas titoras ás características do seu grupo. O **Decreto 330/2009** especifica os criterios para cada área que deben ser concibidos como referentes para a avaliación.

Salientar por último, os **aspectos máis importantes a avaliar na Educación Infantil son:**

▪ A organización da aula, o seu clima escolar e as diversas interaccións:

- Adaptamos os espazos ás necesidades e características do alumnado.
- Axustamos tempos de forma positiva para a realización das actividades programadas.
- Seleccionamos axeitadamente o material para que os nenos acadasen os obxectivos.
- Promovimos diferentes agrupamentos para favorecer as interaccións entre os nenos e nenas.

▪ A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos:

- Colaboramos co resto de profesorado para deseñar e levar a cabo as programacións.
- Mantivemos reunións cos especialistas para expoñer puntos en común, programar e avaliar.

▪ A regularidade e calidade da relación coas familias e a súa participación:

- Promovimos dentro das aulas a participación das familias en diferentes actividades.
- Mantivemos informadas ás familias do alumnado de todo o relativo ao proceso educativo.
- Facilitamos ás familias que acudisen á titoría para falar aspectos dos seus fillos e fillas.

▪ A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación:

- Os obxectivos e contidos estiveron adaptados ao nivel psicomadurativo do meu alumnado.
- Fomentamos a realización de actividades que contemplaran diferentes agrupamentos, habilidades cognitivas e emocionais, competencias básicas, construción de coñecemento,...

▪ A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias:

- Desenvolvimos actividades de interacción lingüística, comprensión, lectura e escritura.
- Promovimos actividades de manipulación e exploración fomentando o razoamento matemático.
- Puxemos aos nenos/as en contacto co entorno físico e natural valorando o que nos ofrece.
- Fomentamos o uso das tic's para a busca de información e adquisición de coñecemento.
- Implicamos ao alumnado en actividades grupais para traballar a adquisición de hábitos sociais.
- Traballamos actividades de forma creativa para valorar diferentes manifestacións artísticas.
- Iniciamos aos nenos e nenas na aprendizaxe e no ser capaz de continuo de forma autónoma.
- Facilitamos actividades onde tomen a iniciativa e escollan opcións con criterio propio.

▪ A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado:

Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

- *Desenvolveu a autoestima persoal identificando as súas propias posibilidades e limitacións.
- *Coñece o seu corpo, posibilidades de acción e expresión e coordina xestos e movementos.
- *Identifica sentimentos e emocións propios e dos outros e comunícaos.
- *Realiza tarefas sinxelas superando as dificultades que se presentan e solicita axuda.
- *Adecúa o comportamento ás necesidades dos outros amosando axuda e colaboración.
- *Progresa na adquisición de hábitos de seguridade, hixiene, alimentación, saúde,...

- *Progresa na adquisición de hábitos de orde e planificación das tarefas.
- *Amosa unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.
- *Descubre e vive o xogo como medio que favorece o desenvolvemento.

Área de coñecemento do contorno.

- *Observa e explora de forma activa o seu contorno.
- *Observa as modificacións do contorno cunha actitude de coidado, respecto e conservación.
- *Iníciase na formulación de hipóteses dalgúns experimentos realizados.
- *Relaciónase cos demais, de forma satisfactoria e interioriza pautas de comportamento.
- *Coñece distintos grupos sociais, producións culturais, valores e formas de vida.
- *Aprecia e fai seus algúns elementos propios da tradición e da cultura galega.
- *Iníciase nas habilidades matemáticas, manipulando coleccións, identificando os atributos e calidades, establecendo relacións de clasificación, orde e cuantificación.
- *Emprega o coñecemento matemático comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

Área de linguaxes: comunicación e representación.

- *Utiliza as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación.
- *Recoñece a importancia das manifestacións non verbais como elementos de comunicación.
- *Comprende que diversos símbolos e signos poden representar pensamentos e ideas.
- *Comunícase oralmente nas dúas linguas oficiais con diferentes interlocutores en diversidade de contextos, e valora a linguaxe para as relacións e regulación da convivencia.
- *Comprende a intencionalidade comunicativa dos demais cunha actitude positiva.
- *Iníciase no uso oral dunha lingua estranxeira e mostra interese e gozo cara ela.
- *Achégase á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- *Comprende, reproduce, reescribe e recrea textos segundo a súa maduración.
- *Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e pracer.
- *Amosa capacidade creativa nas linguaxes artísticas dende as súas ideas e experiencias.
- *Achégase a obras artísticas en distintas linguaxes e adquire sensibilidade estética.
- *Desenvolveu autoconfianza nas súas producións, mellorándoas e valorando as dos outros.
- *Emprega e valora as TIC como ferramentas de busca de información, creación, expresión,..

A resposta ao segundo interrogante **COMO AVALIAR?**, obtémola a través das **técnicas e instrumentos de avaliación**. A nosa principal técnica será a *observación directa e sistemática* que serve para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características de cada neno/a, pero existen outras que nos axudarán a obter a información necesaria: *observación natural, diario de aula, rexistro anecdótico, escalas ou guías de observación, intercambios de experiencias con outros docentes especialistas cos que mantereirei unha reunión trimestral de avaliación, análise dos traballos dos nenos/as, avaliación figuro-analóxica* que reflicte a opinión

do neno/a sobre o seu traballo, e tamén contaremos cos *intercambios coas familias, etc...* Faremos a **avaliación por triangulación**, xa que obtemos datos do alumnado, profesorado e familias que contrastamos coas nosas observacións. As titoras coordinarán o proceso de avaliación do seu alumnado, recollendo a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso e deixando constancia das valoracións, e recollendo os progresos efectuados e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

A resposta ao terceiro interrogante **CANDO AVALIAR?** Remítese a tres **momentos**:

Avaliación inicial, que nos permite coñecer o punto de partida do alumnado. As titoras realizarán unha reunión coas familias. Ademais, partimos dos datos do informe de avaliación inicial e dos informes anuais de avaliación individualizado dos cursos anteriores.

Avaliación continua, recollendo información durante todo o proceso sobre a adaptación ás características dos nenos/as e a súa validez, adecuación e significatividade. As titoras informarán regularmente ás familias sobre os progresos e dificultades detectados no proceso educativo dos seus fillos/as a través dun informe trimestral e de forma persoal.

Por último, realizaremos a **avaliación final** que permite valorar globalmente o proceso, coñecer o grao de consecución dos obxectivos e o nivel de idoneidade da miña función docente.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

En colaboración con todo o equipo docente facemos o deseño e planificación das actividades complementarias e extraescolares. Moitas delas, desenvólvense para celebrar algúns acontecementos significativos da nosa cultura e por tanto implican a toda a comunidade educativa. Debido ao estado actual da pandemia, veremos modificadas as conmemoracións, realizando as actividades sen a visita das familias nin a xuntanza das 3 escolas. Seguiremos a orde do calendario **do presente curso** que explicita cales son estas conmemoracións.

Para este curso escolar esta é a organización das actividades:

1º Trimestre

- Festas do agosto.
- Festa do Nadal.

2º Trimestre

- Día da Paz.
- Entroido

3º Trimestre

- Letras galegas.
- Día do libro.
- Festa de Fin de Curso.

Esta é unha proposta que pode sufrir modificacións o longo do curso, incorporándose novas actividades que son ofertadas ao centro polo Concello ou por outros organismos oficiais.



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
1º EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.R.A. O ESQUÍO

CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
2. **OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA**
3. **ÁREAS DE APRENDIZAXE: CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES**
 - 3.1. **ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.**
 - 1.1. **ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS.**
 - 3.2. **ÁREA DE MATEMÁTICAS.**
 - 3.3. **ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.**
 - 3.4. **ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.**
 - 3.5. **ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA).**
 - 3.6. **ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.**
4. **METODOLOXÍA DIDÁCTICA. MATERIAIS E RECURSOS**
 - 4.1. **ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA E ACTIVIDADES A OUTRAS MODALIDADES DE ENSINO**
5. **MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
6. **AVALIACIÓN**
 - 6.1. **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**
 - 6.2. **DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.**
 - 6.3. **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. MÍNIMOS.**
 - 6.4. **INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.**
7. **ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO**
8. **PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES**

- 9. ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PROXECTO LECTOR**
- 10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**
- 11. ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PLAN DE CONVIVENCIA**
- 12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO**
- 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- 14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

<p>situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.</p> <p>B3.2. Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.</p> <p>B3.3. Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descricións, explicacións elementais).</p> <p>B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.</p>	<p>situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.</p>	<p>situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.</p>	
		<p>LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
		<p>LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
		<p>LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
		<p>LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
		<p>LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
<p>B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</p>	<p>B3.2. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</p>	<p>LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<p>B3.6. Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>	<p>B3.3. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p>	<p>LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC • CAA • CSIEE

B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.	B3.4. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.4.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSIEE
B3.8. Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.	B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSIEE
B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.	B3.6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
		LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
B4.3. Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.	B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
B4.6. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.4. Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe a lograr unha competencia integrada.	LGB4.4.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
B5.1. Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte. B5.2. Valoración e	B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CEC
		LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC

aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.		como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	
B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CD
		LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CD
B5.4. Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	B5.3. Recrear e compoñer breves relatos a partir de modelos sinxelos.	LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CSC
B5.5. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LGB5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
B5.6. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. B5.7. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.	B5.5. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.5.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC

3.7.1. MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS:

Para o traballo dos contidos reflectidos con anterioridade, empregaranse os distintos recursos:

- Diferente material bibliográfico facilitado polas familias e o propio centro.
- Material manipulativo: letras, abecedario móbil, tarxetas con imaxes, etc.
- Ordenador e canón.
- Biblioteca de aula.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
- Dicionario.
- Revistas, xornais, folletos publicitarios, ...
- Xogos de mesa.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA. MATERIAIS E RECURSOS.

En relación ás estratexias metodolóxicas, seguiremos apostando polas metodoloxías activas e polo aproveitamento dos recursos que nos ofrece a contorna para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe. Tendo en conta isto, tomamos como referentes as ensinanzas de María Montessori, da escola de Reggio Emilia de Loris Magaluzzi, Rebeca Wild e as escolas bosque, entre outras fontes. Neste curso continuaremos a apostar por un modelo de escola activa, na que cada nena e neno sexan os protagonistas do seu proceso evolutivo, e de ensino e aprendizaxe. Por esta razón, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, facendo referencias ás súas aprendizaxes anteriores, así como ao desenvolvemento do neno/ a e ás súas características psicoevolutivas.
- Seguiremos unha metodoloxía dinámica, investigadora, descubridora, creativa, activa e participativa.
- Fomentaremos unha aprendizaxe activa e autónoma, para que as crianzas aprendan por si mesmas.
- Procuraremos a socialización do alumnado, e para iso aproveitaremos todos os tipos de agrupamentos para o traballo: individual, parellas, pequeno ou gran grupo dependendo das características do traballo a realizar. Daremos especial importancia á cooperación.

- Proporcionaremos guías e estratexias de aprendizaxe, fomentaremos o afán de superación e a interiorización das normas do centro.
- Suscitaremos oportunidades de traballar coas TIC e o aproveitamento das posibilidades da biblioteca do centro.
- Negociaremos as rutinas da clase co alumnado e expoñerémolas claramente na aula.

Potenciaremos o recurso do espazo como terceiro axente da aprendizaxe, seguindo a Loris Magaluzzi. As crianzas terán liberdade de movemento por todos os ambientes da escola, acceso a todos os materiais e liberdade para elixir as súas actividades ou as experiencias que queren vivir nese día, segundo os seus propios intereses e o seu momento presente. É importante destacar que nos atopamos en aulas mixtas, nas que están escolarizados alumnos/ as de Educación Infantil e de Educación Primaria, polo que en todos os ambientes haberá materiais e propostas adaptadas ao nivel de cada curso.

A organización dos espazos das escolas segue unha distribución por ambientes de aprendizaxe. En cada un deles, atópanse os materiais e propostas relacionados co mesmo, polo que a nena e o neno é totalmente autónomo á hora de coller e preparar o seu espazo de aprendizaxe e os materiais que necesitará para traballar. ao longo da semana, o alumnado moverase polos ambientes segundo as súas necesidades e intereses circulando libremente. A nosa labor como mestras será guialos e acompañalos neste proceso, procurando motivalos para que experimenten en todos os espazos educativos.

Dentro das escolas, sempre adaptados ás instalacións e recursos dos que cada unha dispón, temos os seguintes ambientes:

- Ambiente de letras: as propostas e materiais deste ambiente teñen como obxectivo á aproximación á lectoescritura para a etapa de educación infantil e o desenvolvemento e afianzamento da lectura e escritura para o alumnado da etapa de educación primaria. Algunha das actividades presentes neste ambiente son, por exemplo: os abecedarios móbiles, trazos con area, auga e outros elementos, dados contacontos, contos, alfombra de grafomotricidade para traballar co dedo, con pedras, coches, paus, etc.
- Ambiente de mates: neste ambiente faranse actividades para traballar a numeración e o conteo, asociación da grafía con cantidade, actividades de medidas, resolución de problemas, estatística, xeometría e operacións básicas. Todo isto apoiarémolo con materiais como os cilindros de Montessori, táboas do 100, material de conteo manipulativo, ábacos, táboas de

multiplicar de Montessori, material para traballar as fraccións, figuras xeométricas, material elaborado polas mestras, xogos de mesa variados, ...

- Ambiente artístico: neste ambiente dispoñemos de todo tipo de material funxible artístico, ademais de cabaletes, murais brancos en paredes para a expresión libre, barro e arxila, etc... Tamén será un ambiente preparado para ofrecerlle ao alumnado diferentes soportes para o fomento da súa expresión artística de xeito creativo, como por exemplo, pintar en encerados de cristal, espellos, lousa, diferentes papeis, elementos naturais, muros, chan, fiestras, etc.; e tamén a libre experimentación con distintos elementos para descubrir as súas posibilidades. Tamén haberá instrumentos musicais, material de refugallo para elaboralos e musicogramas sinxelos.
- Ambiente de xogo simbólico: aquí atoparemos todo tipo de material para o xogo do “como se...”, prestando un especial coidado a que os materiais non sexan estereotipados. Disporán de material como a cociña, comidas, vías de tren, animais, bonecos e roupa, así como tamén roupa e disfraces aportados polas familias. Gustaríanos destacar neste espazo a presentación de minimundos en diferentes soportes como caixas de cartón, alfombras, caixas de madeira, etc... estes minimundos xirarán en torno a temas de interese na aula, como pode ser un minimundo ártico, minimundo africano, minimundo dunha cidade ou pobo, etc.
- Ambiente de construcións: aquí atoparemos, amais das construcións xa coñecidas, elementos naturais para crear e explorar, como troncos, recortes de madeira, cortizas, paus e pólas, etc... Poderán mesturalos para facer a súa construción. Tamén neste ambiente dispoñemos dun espazo delimitado onde as nenas e nenos poden deixar as súas creacións dun día para outro, e así poder continualas ao día seguinte, facerlle modificacións, ampliacións, cambios, etc... xa que nos parece frustrante que, ás veces, por falta de tempo teñan que recoller todo e ao día seguinte volver a comezar. Por iso queremos ofrecerlles un espazo onde se lles poda dar continuidade e visibilidade ás súas creacións e construcións.
- Ambiente de luces e sombras: aquí temos a mesa de luz colocada sobre un moble á altura das nenas e nenos, cuns tallos para unha maior comodidade. Neste ambiente desfrutarán das propiedades desta mesa e das posibilidades educativas que ofrece o material alí disposto, así como outro material natural que está ao seu alcance para diferentes ambientes. Algún material propio deste recuncho serán os materiais translúcidos, construcións imantadas, bandexas de metacrilato para xogar con auga e outros elementos naturais, letras e números transparentes, radiografías do corpo, ...

- Ambiente de transvases: neste ambiente temos dúas mesas feitas a medida con borde para unha mellor manipulación. Tamén hai cacharros e aparellos para traballar os transvases como vasos, xerras, coadores, peneiras, culleres, escumadeiras, etc.
- Ambiente de ciencias: neste último ambiente, dispoñemos tamén de material natural como no resto, pero traballarase con el doutro xeito, analizándoo e observándoo, investigando, rexistrando cambios, etc. Atoparemos material para experimentar coa ciencia, libros de investigación, balanzas e xerras medidoras, ordenador ou tablets para a búsqueda de información, ...

Dadas as circunstancias excepcionais coas que nos atopamos neste curso 2021- 2022, e tendo en conta o establecido no “Protocolo de adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”, o traballo nos ambientes de aprendizaxe terán limitacións, como o establecemento dun límite de alumnos/ as por ambiente e a redución dos materiais presentes en cada un (os materiais iranse cambiando de xeito periódico, para poder ofrecer unha maior variedade).

Para poder aproveitar os ambientes exteriores, o alumnado dispón dun vestiario axeitado, o que nos permite realizar sesións de tránsito, durante as cales o alumnado pode decidir se quere traballar dentro da escola ou fóra, independentemente das condicións climatolóxicas que nos atopemos.

Empregaremos estratexias que poden axudar na tarefa de achegamento do alumnado ás aprendizaxes:

- Proxectos: Ao redor dun tema ou aspecto de interese. Isto leva a buscar información e selecciónala para finalmente valorar a aprendizaxe realizada en procesos autoavaliativos e coavaliativos.
- Investigación no medio: Utilizaranse múltiples procesos para o coñecemento da realidade (observar, analizar, recoller, comparar, ordenar, clasificar, identificar, reflexionar explorar...)
- Saídas, visitas, traballo de campo e itinerarios: Elaborar rotas de observación e indicalas en planos ou esquemas sinxelos. Preparar o material necesario e organizar e contrastar todo o observado ou recollido.
- Realización de debates sobre temas de actualidade: De saúde, consumo, medioambientais...

Para que a información se converta nunha aprendizaxe eficaz, e para despertar o interese e fixar a atención sobre cada tema de estudo, realizaremos as seguintes actividades:

- Observación e comentario de láminas, fotos, imaxes, vídeos... ou facer algún experimento.
- Lectura dun texto narrativo inicial que ten como obxectivo a aproximación ao tema e a exploración de coñecementos previos.
- Actividades iniciais con propostas para traballar a expresión oral, falando sobre a lectura, como achegamento ao tema a estudar.
- Faremos fincapé no vocabulario descoñecido, aclarando o seu significado.
- Explicación de feitos do seu contorno.
- Actividades para reforzar a comprensión e a utilización dos coñecementos adquiridos e que teñen por obxectivo comprender, razoar, aplicar e opinar.
- Elaboración de mapas conceptuais, para organizar os coñecementos.
- Realizar esquemas sinxelos, a partires do resumo, para que comprendan a relación entre os distintos conceptos.
- Probas tipo test, para recordar información específica.
- Un texto breve, para reflexionar sobre os propios comportamentos e actitudes.
- Actividades de repaso, que nos permiten manter o control da aprendizaxe e avaliar de maneira permanente o progreso dos alumnos/as, axudándonos a recoñecer o que se aprendeu e o que fai falta reforzar.
- Actividades de experimentación. Vailles permitir achegarse aos procesos científicos como método de coñecemento do mundo circundante.
- Actividades para adquirir hábitos e valores necesarios para convivir responsablemente. Dado que o grupo se converte en eixe da súa vida social necesitan saber que, para permanecer nel ten que cumprir unhas normas comúns e mostrar actitudes de cooperación e respecto.
- Outras posibles actividades de aprendizaxe son:
 - Organización de ficheiros temáticos de vocabulario, de álbums...
 - Producción de diarios de campo, biografías...
 - Elaboración dun cómic sobre un período histórico, monografías sobre un tema local...
 - Construción de maquetas.
 - Realización de xogos de orientación.
 - Dramatizacións...

4.1. ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA E ACTIVIDADES A OUTRAS MODALIDADES DE ENSINO.

Nos primeiros días do curso, enviaremos un cuestionario ás familias, para recadar información. Este cuestionario terá carácter confidencial, e axudaranos a coñecer os recursos dos que dispoñen as nosas familias, no caso de ser necesario cambiar o ensino presencial por unha

modalidade semipresencial ou a distancia. Algunha da información relevante será coñecer se contan con conexión a Internet, que tipo de conexión teñen, de que medios informáticos dispoñen, etc. Tendo en conta a información obtida nos cuestionarios, poderemos adaptar a resposta educativa a cada unha das crianzas, axustándonos aos recursos dos que dispoñen e/ ou buscando alternativas que nos permitan compensar a ausencia deles.

Tendo en conta que nas tres escolas nos atopamos con grupos mixtos, nos que temos alumnado de educación infantil e do primeiro e segundo curso de educación, cada titora establecerá un horario de atención e traballo con alumnado, empregando a videoconferencia como medio. En cada horario dispoñemos de sesións conxuntas, para continuar a traballar en gran grupo; pero tamén se establecerán sesións de traballo só co alumnado de educación primaria, e sesións de traballo por niveis, para desenvolver aprendizaxes máis específicas de cada nivel.

Nas materias que contan con libro de texto, a titora realizará unha recompilación de fichas de traballo, procurando seleccionar aquelas nas que se realice un reforzo/ repaso dos contidos traballados de xeito presencial na clase. Para o resto das materias, realizarase unha recompilación de recursos para traballar os distintos contidos. Tamén se deseñarán fichas de traballo, materiais, presentacións, vídeos, xogos, etc. Para compartir estes materiais empregaremos a aula virtual do centro, o correo electrónico e sistemas de almacenamento na nube.

Realizarase un control e rexistro diario das tarefas realizadas polo alumnado, e estableceranse diferentes reunións coas familias, para poder intercambiar información e inquedanzas sobre o desenvolvemento das actividades.

Dadas as especiais condicións coas que nos atopamos na educación a distancia, e tendo en conta a curta idade do alumnado, todas as propostas realizadas estarán suxeitas a un proceso de revisión constante, que nos permitirá realizar as modificacións necesarias para poder atender as necesidades educativas de todo o alumnado

5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A nosa intervención educativa atende á diversidade do alumnado. Todas as actuacións educativas están dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos/as.

Co obxecto de nos axustar o máximo posible á realidade de cada alumno, realizarase unha valoración das súas características. Porase especial énfase na detección temperá do

alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, por condicións persoais ou de historia familiar.

Como xa se indicou con anterioridade, dentro do grupo de alumnado do primeiro curso de Educación Primaria, atópase escolarizada unha alumna con NEAE e incorporase un alumno procedente do estranxeiro. Como recursos persoais para poder atender as necesidades educativas do noso alumnado, contamos, como recursos persoais, cunha especialista en Audición e Linguaxe (AL), compartida co CEIP de Pazos. Ao inicio de curso, e tras a avaliación inicial, o equipo docente do centro, establecerá as medidas educativas necesarias a nivel individual, que estarán nun período de constante revisión para, se é necesario, modificalas.

Destacaremos dúas modalidades de intervención:

⇒ **Atención á diversidade xeral**, coa conseguinte acomodación do proceso ensino – aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a (nivel de coñecementos previos, estilos de aprendizaxe, situación sociofamiliar...).

⇒ **Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, que inclúe:

- Nenas/ os con necesidades educativas especiais (vinculadas á diversidade funcional ou trastorno grave de conduta).
- Alumnado con altas capacidades.
- Nenos/ as de incorporación tardía ao sistema educativo.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno, poñeranse en funcionamento as medidas de **reforzo educativo**. Esta medida ordinaria de atención á diversidade será levada a cabo pola mestra titora ou por algunha das persoas responsables dos apoio dentro da aula ordinaria.

Se un alumno, procedente doutro país se incorpora ao sistema educativo, presentando carencias na lingua poñeranse en marcha as medidas establecidas na **Orde do 24 de febreiro pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro**.

No caso de persistir as dificultades, a titora solicitará a intervención da xefa do Departamento de Orientación, que procederá a valorar as necesidades educativas do alumno/ a.

As actividades organizaranse por categorías en función da súa distinta finalidade. Por un lado, estarán as actividades de reforzo, de consolidación daquelas aprendizaxes que consideramos básicas. Por outro lado, deseñaranse outro tipo de actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos/as.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos/as.
- As modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

As medidas de atención á diversidade adoptadas aparecen reflectidas no Plan de Atención á Diversidade.

6. AVALIACIÓN.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global. Terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave segundo establece a **Orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación**.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

6.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para avaliar a adquisición das aprendizaxes por parte dos alumnos e alumnas, empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos:

- A observación, entendéndose como un proceso de atención sostida e voluntaria, que se realizará mediante:
 - Listas de control.
 - Rexistros anecdóticos.
 - Escalas de observación.
 - Diario de clase.
- Análise de tarefas mediante:
 - Análise do caderno de clase do alumno.
 - Análise de textos escritos e pequenas investigacións e traballos.
 - Xogos de simulación e dramáticos.

6.2. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

Durante as primeiras semanas do curso escolar realizarase unha avaliación inicial, atendendo ao establecido na Resolución do 17 de xuño de 2021, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave e para detectar posibles necesidades educativas. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, a valoración da situación emocional do alumno/a, e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumno. Os resultados desta avaliación inicial reflectiranse no apartado destinado a tal fin na aplicación XADE, así como no caderniño de cada profesor.

6.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. MÍNIMOS.

O profesorado tomará como referencia os criterios de avaliación para valorar e cualificar as aprendizaxes e os coñecementos básicos que debe alcanzar o alumnado nas diferentes áreas do currículo, tendo en conta que cada neno ten o seu ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe, por iso, a súa afectividade, as súas características persoais, as súas necesidades, intereses e estilo cognitivo deberán ser elementos para ter en conta nos procesos de avaliación e cualificación que se realicen.

Os resultados da avaliación do alumnado na Educación Primaria expresaranse cunha cualificación numérica no XADE.

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor, na sesión de avaliación.

⇒ **Criterios mínimos de promoción das áreas instrumentais.**

❖ **Linguas:**

- Ler con fluidez textos axeitados ao seu nivel.
- Comprender o sentido xeral dos textos orais e escritos.
- Narrar de xeito ordenado feitos.
- Memorizar pequenos textos (poesía, trabalinguas...)
- Escribir ao ditado palabras e oracións curtas con grafía lexible.
- Producir textos escritos breves e sinxelos, respectando as normas de escritura básica.
- Aplicar e respectar as seguintes normas ortográficas: ortografía natural (separacións e unións correctas) e maiúscula en nomes propios.
- Aplicar concordancia de xénero e número.



Matemáticas:

- Ler, escribir, contar e ordenar números ata o 99.
- Realizar sumas e restas sinxelas sen levada.
- Resolver problemas sinxelos con sumas e/ ou restas.
- Identificar figuras planas e corpos xeométricos sinxelos.
- Iniciarse no manexo das unidades de lonxitude, tempo e diñeiro.

⇒ **Criterios mínimos nas áreas de ciencias da natureza e ciencias sociais:**

- Asimilar os contidos básicos de cada unha das unidades.
- Empregar de xeito correcto o novo vocabulario adquirido.
- Manexar técnicas moi básicas de observación, recollida e interpretación de datos.
- Valorar e respectar o medio físico e social así como o legado histórico dos nosos devanceiros.

⇒ **Criterios mínimos na área de Educación Artística (Plástica):**

- Coidar a presentación das tarefas.
- Asimilar os contidos básicos de cada unha das actividades.
- Respectar os materiais e as tarefas dos compañeiros/ as.
- Manexar técnicas básicas expostas na clase.

⇒ **Criterios mínimos na área de Valores sociais e cívicos:**

- Asimilar os contidos básicos de cada unha das unidades.
- Mostrar empatía e interese respecto a situacións diferentes.
- Valorar e respectar o medio físico e as persoas que o arrodean.

- Aplicar os contidos prácticos expostos na clase ao contexto real.

Para establecer a **nota de cualificación do alumno/ a en cada unha das áreas**, seguiranse as seguintes porcentaxes:

- ⇒ Material e o seu coidado: 10%
- ⇒ Probas escritas e orais realizadas na clase: 25%
- ⇒ Actitude (esfuerzo, interese, participación, etc.): 10%
- ⇒ Traballo na clase e desenvolvemento das tarefas (no libro, caderno de clase, fichas, proxectos...): 55%

A nota global será a suma dos apartados 1, 2, 3 e 4.

Nas áreas de Educación Artística (Plástica) e Valores sociais e cívicos, dado o carácter práctico das mesmas, a nota de cualificación establecerase seguindo as seguintes porcentaxes:

- ⇒ Material e o seu coidado: 10 %
- ⇒ Actitude (esfuerzo, interese, participación, etc.): 10 %
- ⇒ Traballo na clase e desenvolvemento das tarefas: 80 %

MODELO DE TABLA DE SEGUIMIENTO DO APARTADO DE ACTITUDE:

	NUNCA (1)	ÁS VECES (2)	CASE SEMPRE (3)	SEMPRE (4)
Esforzase na realización de tarefas.				
Amosa un ritmo de traballo axeitado.				
Resolve conflitos de xeito amistoso.				
Respecta a quenda de palabra.				

Presenta unha actitude participativa.				
Non amosa actitudes discriminatorias.				
Logra manter a atención.				
Amosa interese por aprender.				
Valora as producións alleas.				
E quen de traballar en pequeno grupo.				

6.4. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

Manterase unha comunicación fluída e regular coas familias, informándolles de todo o relativo ao proceso continuo de aprendizaxe en beneficio sempre do alumnado. Búscase a participación e apoio da familia no proceso educativo dos seus fillos/ as.

Ao comezo do curso farase unha reunión informativa para tratar diversos temas do novo curso. Finalizada cada unha das sesións de avaliación informaráselles por escrito da evolución académica e das medidas propostas para reforzo e/ou recuperación, se fose o caso. Entre esa información constará cando proceda, a decisión sobre a promoción ao curso seguinte.

De xeito escrito, por notas, tamén se manterá contacto coas familias. No caso de ser necesario facer unha tutoría a nivel individual, será necesario pedir unha cita a mestra titora, para que esta poida falar co resto do profesorado que lle imparte clase ao alumno/ a, e recadar información sobre o mesmo/ a. As sesións de tutoría realizaranse de xeito presencial, sempre que sexa posible. Se a situación sanitaria o imposibilita, empregaranse xeitos telemáticos como a videochamada ou a chamada telefónica.

Toda información relacionada co funcionamento e organización do centro estará dispoñible na páxina web do centro.

7. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO.

Ao longo do curso, a titora prestará especial atención ao alumnado que presenta algunha dificultade na adquisición dalgún contido, adaptando a metodoloxía e incorporando novas actividades que permitan o reforzo e afianzamento do mesmo, asegurándose que as mesmas se adaptan as necesidades educativas da alumna/ o, e que compren o seu obxectivo de clarificar e axudar a ditas aprendizaxes. Neste senso, o profesorado especialista do centro, disporá de sesións de apoio nas tres escolas, para, deste xeito, poder ofrecer unha atención máis individualizada ao noso alumnado.

Tendo en conta que no grupo de alumnado do primeiro curso de primaria, se atopan alumnas/ os que están a repetir curso, deseñase un plan de recuperación e reforzo para cada alumna/ o, tendo en conta as súas necesidades individuais. Para poder deseñar estes plans de recuperación e reforzo, analizaranse os informes de avaliación individualizados do pasado curso, e terase en conta a información obtida na avaliación inicial, realizada durante a primeira semana deste curso. Valorando toda esta información, establecerase cales son as necesidades educativas do alumno/ a, e estableceranse as medidas educativas pertinentes para poder responder ás mesmas.

8. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES.

A educación en valores pódese definir como un proceso de desenvolvemento en construción persoal. A través das distintas actividades que se recollen no Plan de convivencia do centro, trataremos de educar na capacidade de diálogo do alumnado, na súa autonomía, na súa racionalidade co obxectivo de construír principios e normas que actúen sobre o seu coñecemento e a súa conduta.

Ao longo do curso prestaremos moita atención a educación e desenvolvemento emocionais, polo que se realizarán distintas actividades relacionados cos mesmos e as habilidades sociais. Tamén continuaremos a realizar unha actualización de recursos, tanto bibliográficos como materiais, apostando por un modelo de coeducación e igualdade.

9. ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PROXECTO LECTOR.

Na etapa de Educación Primaria un dos obxectivos é desenvolver o gusto pola lectura, facendo dela unha rutina diaria na que as crianzas atopen entretemento e pracer.

Como accións máis importantes nesta etapa:

- Dedicar un tempo de lectura común para todo o Centro para conseguir un progresivo gusto pola lectura.
- Dedicar un tempo de polo menos 30 minutos á lectura colectiva por quendas en voz alta.
- Realizar diariamente actividades que fomenten a comprensión lectora e expresión oral e escrita.

Para poder desenvolver estas accións, establecerase dentro do horario semanal de cada unha das escolas, unha sesión de traballo específico relacionado co proxecto lector do centro. Nesta sesión traballaranse distintos tipos de textos e lecturas, de xeito lúdico e interactivo.

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Durante este curso realizaremos nas escolas distintas actividades que impliquen o emprego de TICs: videochamadas entre escolas, paneis para traballar coa Beebot, uso de plataformas corporativas da Consellería, etc. Neste ámbito gustaríanos seguir avanzando, e introducir outras novidades como formar parte das escolas na nube ou introducir os códigos QR.

Por outra banda, e tendo en conta a importancia de mellorar a competencia dixital, introduciremos ao noso alumnado no uso da aula virtual do centro, para que coñezan o seu funcionamento. Este tipo de actividades desenvolveranse, principalmente nas primeiras semanas do curso, para dotar aos nenos e nenas das ferramentas necesarias para o seu uso, no caso de ser necesario de cambiar a docencia presencial pola docencia a distancia.

11. ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Tal como se recolle no Plan de Convivencia as accións son:

- ❖ Actuacións preventivas.
- ❖ Actividades para a integración e participación do alumnado.
- ❖ Actividades que favorezan a relación de familia e centro.
- ❖ Actividades de sensibilización fronte ao acoso.
- ❖ Actividades de sensibilización da comunidade educativa en igualdade homes e mulleres.
- ❖ Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente distintos equipos docentes e a orientadora.
- ❖ Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de ingreso.

- ✧ Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou outro tipo.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

A situación lingüística coa que nos atopamos no centro é moi heteroxénea: a maioría do alumnado que forma parte do noso centro ten o castelán como lingua materna; nunha das escolas, hai un número salientable de alumnado procedente do estranxeiro, e neste curso, incorporase unha nova alumna noutra das escolas. Tendo en conta esta realidade lingüística, dende o centro proporemos distintas actividades que promovan o uso da lingua galega e o seu coñecemento. O profesorado organizará distintas actividades, concursos, etc. que favorezan que as crianzas valoren a lingua galega e a empreguen para comunicarse de distintas formas.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Dada a situación sanitaria na que nos atopamos, para este curso aínda non temos prevista ningunha saída ou visita. No caso de que a situación sanitaria permitise realizar algunha, o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, procederá a súa organización, seguindo as canles establecidas para a súa aprobación e desenvolvemento.

Atendendo ao establecido na Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/ 22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.

- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 e o 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.

Para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, tamén se realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais, tendo en conta o establecido no artigo 26.2 da Lei 2/ 2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Para o traballo de ditas conmemoracións, proporanse actividades a nivel de centro e/ ou de aula, deseñadas especificamente para estas xornadas.

14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos valoraranse:

- Grao de desenvolvemento da programación, adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- Eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- As aprendizaxes alcanzadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Clima de traballo na aula.
- A coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º EDUCACIÓN PRIMARIA

C.R.A. O ESQUÍO

CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
3. ÁREAS DE APRENDIZAXE: CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
 - 3.1. **ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.**
 - 1.1. **ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS.**
 - 3.2. **ÁREA DE MATEMÁTICAS.**
 - 3.3. **ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.**
 - 3.4. **ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.**
 - 3.5. **ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA).**
 - 3.6. **ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.**
4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA. MATERIAIS E RECURSOS
 - 4.1. ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA E ACTIVIDADES A OUTRAS MODALIDADES DE ENSINO
5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
6. AVALIACIÓN
 - 6.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.
 - 6.2. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.
 - 6.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. MÍNIMOS.
 - 6.4. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.
7. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO
8. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES
9. ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PROXECTO LECTOR
10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
11. ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PLAN DE CONVIVENCIA
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A programación é, ante todo, un instrumento de planificación da actividade da aula. A súa utilidade dependerá do bo deseño das seguintes accións:

- Planificar o proceso de ensino- aprendizaxe que se desenvolve na aula.
- Asegurar a coherencia entre as intencións educativas do centro e a práctica docente.
- Promover a reflexión sobre a propia práctica docente.
- Facilitar a progresiva implicación do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe.
- Atender á diversidade de intereses, motivacións e necesidades do alumnado.

A necesidade de deseñar unha programación, que sistematice o proceso no desenvolvemento da acción didáctica, está amplamente xustificada porque:

- Axudaranos a eliminar o azar (en sentido negativo), o cal non significa eliminar a capacidade de engadir novas ideas, corrixir erros, rectificar previsións, etc. Evitará, así, perdas de tempo.
- Sistematizará e ordenará o proceso de ensino- aprendizaxe.
- Permitirá adaptar o traballo pedagóxico ás características culturais e ambientais do contexto.

Esta programación está destinada a un grupo de tres alumnas de segundo curso de Educación Primaria da escola de Taraza do CRA “O Esquíu” de Valdoviño. Na escola atopamos un grupo mixto, con alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil, e do primeiro e segundo curso de Educación Primaria. Esta organización, xunto coa continuidade do alumnado coa mesma titora, facilita de xeito considerable a transición das crianzas da etapa de Educación Infantil á de Educación Primaria. Por outra banda, a titora coñece as características e necesidades de cada unha das nenas e nenos da escola.

Para o desenvolvemento da presente programación, rexerémonos pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE), o Decreto 105/2014, do 4 de setembro que establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 9 de xuño 2016 que regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.

2. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Os obxectivos da Educación Primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumando, das capacidades que permitan:

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos

de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo- sexual.

n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. ÁREAS DE APENDIZAXE: CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Para poder acadar os obxectivos recollidos no epígrafe anterior, os contidos constituirán a base sobre a cal se programarán as actividades de ensino- aprendizaxe. Estes contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos da etapa educativa e á adquisición de competencias, ordénanse en disciplinas, que se clasifican en áreas de aprendizaxe.

Por outra parte, coa posta en práctica desta programación didáctica potenciarase unha aprendizaxe por competencias. Segundo se establece no Decreto 105/2004, do 4 de setembro, “unha aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso”.

Para poder traballar todos os contidos establecidos para este nivel, son necesarias a secuenciación e organización dos mesmos, para así, contextualizalos e adaptalos ás características particulares dun determinado grupo de alumnas e alumnos . Os criterios que se seguen no primeiro curso de Educación Primaria para a secuenciación dos contidos, baséanse nas achegas da concepción construtivista da aprendizaxe, as contribucións psicopedagóxicas e a propia práctica e experiencia do/ a mestre/ a.

A continuación, recóllense os contidos que se traballarán ao longo deste curso, clasificados por áreas de aprendizaxe, a súa temporalización, competencias clave que se traballan con cada un deles, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e os criterios de avaliación.

Sen prexuízo do establecido no epígrafe relacionado coa metodoloxía didáctica, tamén se

 - Nenos/ as de incorporación tardía ao sistema educativo.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno, poñeranse en funcionamento as medidas de **reforzo educativo**. Esta medida ordinaria de atención á diversidade será levada a cabo pola mestra titora ou por algunha das persoas responsables dos apoios dentro da aula ordinaria.

Se un alumno, procedente doutro país se incorpora ao sistema educativo, presentando carencias na lingua poñeranse en marcha as medidas establecidas na **Orde do 24 de febreiro pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro**.

No caso de persistir as dificultades, a titora solicitará a intervención da xefa do Departamento de Orientación, que procederá a valorar as necesidades educativas do alumno/ a.

As actividades organizaranse por categorías en función da súa distinta finalidade. Por un lado, estarán as actividades de reforzo, de consolidación daquelas aprendizaxes que consideramos básicas. Por outro lado, deseñaranse outro tipo de actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos/as.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos/as.
- As modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

As medidas de atención á diversidade adoptadas aparecen reflectidas no Plan de Atención á Diversidade.

6. AVALIACIÓN.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global. Terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave segundo establece a **Orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación.**

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

6.1. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para avaliar a adquisición das aprendizaxes por parte dos alumnos e alumnas, empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos:

- A observación, entendéndose como un proceso de atención sostida e voluntaria, que se realizará mediante:
 - Listas de control.
 - Rexistros anecdóticos.
 - Escalas de observación.
 - Diario de clase.
- Análise de tarefas mediante:
 - Análise do caderno de clase do alumno.
 - Análise de textos escritos e pequenas investigacións e traballos.
 - Xogos de simulación e dramáticos.

6.2. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

Durante as primeiras semanas do curso escolar realizarase unha avaliación inicial. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, a

valoración da situación emocional do alumno/a, e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumno. Os resultados desta avaliación inicial reflectiranse no apartado destinado a tal fin na aplicación XADE, así como no caderniño de cada profesor.

6.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. MÍNIMOS.

O profesorado tomará como referencia os criterios de avaliación para valorar e cualificar as aprendizaxes e os coñecementos básicos que debe alcanzar o alumnado nas diferentes áreas do currículo, tendo en conta que cada neno ten o seu ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe, por iso, a súa afectividade, as súas características persoais, as súas necesidades, intereses e estilo cognitivo deberán ser elementos para ter en conta nos procesos de avaliación e cualificación que se realicen.

Os resultados da avaliación do alumnado na Educación Primaria expresaranse cunha cualificación numérica no XADE.

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor, na sesión de avaliación.

⇒ **Criterios mínimos de promoción das áreas instrumentais.**

➤ Linguas:

- Ler con fluidez textos axeitados ao seu nivel.
- Comprender o sentido xeral dos textos orais e escritos.
- Narrar de xeito ordenado feitos.
- Memorizar pequenos textos (poesía, trabalinguas...)
- Escribir ao ditado palabras e oracións curtas con grafía lexible.
- Producir textos escritos breves e sinxelos, respectando as normas de escritura básica.

- Aplicar e respectar as seguintes normas ortográficas: ortografía natural (separacións e unións correctas); m antes de p e b; r- rr, c/ z/ q, gue/ gui; maiúscula en nomes propios.

- Aplicar concordancia de xénero e número.

➤ **Matemáticas:**

- Ler, escribir, contar e ordenar números ata o 999.
- Realizar sumas e restas sinxelas con levada e sen levada.
- Resolver problemas sinxelos con sumas e/ou restas.
- Identificar figuras planas e corpos xeométricos sinxelos.
- Iniciarse no manexo das unidades de lonxitude, tempo e diñeiro.
- Iniciarse na multiplicación.

⇒ **Criterios mínimos nas áreas de ciencias da natureza e ciencias sociais:**

- Asimilar os contidos básicos de cada unha das unidades.
- Empregar de xeito correcto o novo vocabulario adquirido.
- Manexar técnicas moi básicas de observación, recollida e interpretación de datos.
- Valorar e respectar o medio físico e social así como o legado histórico dos nosos devanceiros.

⇒ **Criterios mínimos na área de Educación Artística (Plástica):**

- Coidar a presentación das tarefas.
- Asimilar os contidos básicos de cada unha das actividades.
- Respectar os materiais e as tarefas dos compañeiros/ as.
- Manexar técnicas básicas expostas na clase.

⇒ **Criterios mínimos na área de Valores sociais e cívicos:**

- Asimilar os contidos básicos de cada unha das unidades.
- Mostrar empatía e interese respecto a situacións diferentes.
- Valorar e respectar o medio físico e as persoas que o arrodean.
- Aplicar os contidos prácticos expostos na clase ao contexto real.

Para establecer a **nota de cualificación do alumno/ a en cada unha das áreas**, seguiranse as seguintes porcentaxes:

⇒ Material e o seu coidado: 10%

⇒ Probas escritas e orais realizadas na clase: 25%

⇒ Actitude (esfuerzo, interese, participación, etc.): 10%

⇒ Traballo na clase e desenvolvemento das tarefas (no libro, caderno de clase, fichas, proxectos...): 55%

A nota global será a suma dos apartados 1, 2, 3 e 4.

Nas áreas de Educación Artística (Plástica) e Valores sociais e cívicos, dado o carácter práctico das mesmas, a nota de cualificación establecerase seguindo as seguintes porcentaxes:

- ⇒ Material e o seu coidado: 10 %
- ⇒ Actitude (esfuerzo, interese, participación, etc.): 10 %
- ⇒ Traballo na clase e desenvolvemento das tarefas: 80 %

MODELO DE TABLA DE SEGUIMIENTO DO APARTADO DE ACTITUDE:

	NUNCA (1)	ÁS VECES (2)	CASE SEMPRE (3)	SEMPRE (4)
Esforzase na realización de tarefas.				
Amosa un ritmo de traballo axeitado.				
Resolve conflitos de xeito amistoso.				
Respecta a quenda de palabra.				
Presenta unha actitude participativa.				
Non amosa actitudes discriminatorias.				
Logra manter a atención.				
Amosa interese por aprender.				
Valora as producións alleas.				
E quen de traballar en pequeno grupo.				

6.4. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

Manterase unha comunicación fluída e regular coas familias, informándolles de todo o relativo ao proceso continuo de aprendizaxe en beneficio sempre do alumnado. Búscase a participación e apoio da familia no proceso educativo dos seus fillos/ as.

Ao comezo do curso farase unha reunión informativa para tratar diversos temas do novo curso. Finalizada cada unha das sesións de avaliación informaráselles por escrito da evolución académica e das medidas propostas para reforzo e/ou recuperación, se fose o caso. Entre esa

información constará cando proceda, a decisión sobre a promoción ao curso seguinte.

De xeito escrito, por notas, tamén se manterá contacto coas familias. No caso de ser necesario facer unha tutoría a nivel individual, será necesario pedir unha cita a mestra titora, para que esta poida falar co resto do profesorado que lle imparte clase ao alumno/ a, e recadar información sobre o mesmo/ a. As sesións de tutoría realizaranse de xeito presencial, sempre que sexa posible. Se a situación sanitaria o imposibilita, empregaranse xeitos telemáticos como a videochamada ou a chamada telefónica.

Toda información relacionada co funcionamento e organización do centro estará dispoñible na páxina web do centro.

7. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO.

Ao longo do curso, a titora prestará especial atención ao alumnado que presenta algunha dificultade na adquisición dalgún contido, adaptando a metodoloxía e incorporando novas actividades que permitan o reforzo e afianzamento do mesmo, asegurándose que as mesmas se adaptan as necesidades educativas da alumna/ o, e que compren o seu obxectivo de clarificar e axudar a ditas aprendizaxes. Neste senso, o profesorado especialista do centro, disporá de sesións de apoio nas tres escolas, para, deste xeito, poder ofrecer unha atención máis individualizada ao noso alumnado.

8. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES.

A educación en valores pódese definir como un proceso de desenvolvemento en construción persoal. A través das distintas actividades que se recollen no Plan de convivencia do centro, trataremos de educar na capacidade de diálogo do alumnado, na súa autonomía, na súa racionalidade co obxectivo de construír principios e normas que actúen sobre o seu coñecemento e a súa conduta.

Ao longo do curso prestaremos moita atención a educación e desenvolvemento emocionais, polo que se realizarán distintas actividades relacionados cos mesmos e as habilidades sociais. Tamén continuaremos a realizar unha actualización de recursos, tanto bibliográficos como materiais, apostando por un modelo de coeducación e igualdade.

9. ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PROXECTO LECTOR.

Na etapa de Educación Primaria un dos obxectivos é desenvolver o gusto pola lectura, facendo dela unha rutina diaria na que as crianzas atopen entretemento e pracer.

Como accións máis importantes nesta etapa:

- Dedicar un tempo de lectura común para todo o Centro para conseguir un progresivo gusto pola lectura.
- Dedicar un tempo de polo menos 30 minutos á lectura colectiva por quendas en voz alta.
- Realizar diariamente actividades que fomenten a comprensión lectora e expresión oral e escrita.

Para poder desenvolver estas accións, establecerase dentro do horario semanal de cada unha das escolas, unha sesión de traballo específico relacionado co proxecto lector do centro. Nesta sesión traballaranse distintos tipos de textos e lecturas, de xeito lúdico e interactivo.

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Durante este curso realizaremos nas escolas distintas actividades que impliquen o emprego de TICs: videochamadas entre escolas, paneis para traballar coa Beebot, uso de plataformas corporativas da Consellería, etc. Neste ámbito gustaríanos seguir avanzando, e introducir outras novidades como formar parte das escolas na nube ou introducir os códigos QR.

Por outra banda, e tendo en conta a importancia de mellorar a competencia dixital, introduciremos ao noso alumnado no uso da aula virtual do centro, para que coñezan o seu funcionamento. Este tipo de actividades desenvolveranse, principalmente nas primeiras semanas do curso, para dotar aos nenos e nenas das ferramentas necesarias para o seu uso, no caso de ser necesario de cambiar a docencia presencial pola docencia a distancia.

11. ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Tal como se recolle no Plan de Convivencia as accións son:

- ✧ Actuacións preventivas.
- ✧ Actividades para a integración e participación do alumnado.
- ✧ Actividades que favorezan a relación de familia e centro.
- ✧ Actividades de sensibilización fronte ao acoso.
- ✧ Actividades de sensibilización da comunidade educativa en igualdade homes e mulleres.
- ✧ Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente distintos equipos docentes e a orientadora.
- ✧ Actuacións do profesorado tutor para a integración do alumnado de ingreso.
- ✧ Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou outro tipo.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

A situación lingüística coa que nos atopamos no centro é moi heteroxénea: a maioría do alumnado que forma parte do noso centro ten o castelán como lingua materna; nunha das

escolas, hai un número salientable de alumnado procedente do estranxeiro, e neste curso, incorporase unha nova alumna noutra das escolas. Tendo en conta esta realidade lingüística, dende o centro proporemos distintas actividades que promovan o uso da lingua galega e o seu coñecemento. O profesorado organizará distintas actividades, concursos, etc. que favorezan que as crianzas valoren a lingua galega e a empreguen para comunicarse de distintas formas.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Dada a situación sanitaria na que nos atopamos, para este curso aínda non temos prevista ningunha saída ou visita. No caso de que a situación sanitaria permitise realizar algunha, o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, procederá a súa organización, seguindo as canles establecidas para a súa aprobación e desenvolvemento.

Atendendo ao establecido na Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/ 22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia,, durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 e o 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.

Para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, tamén se realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións

internacionais, tendo en conta o establecido no artigo 26.2 da Lei 2/ 2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Para o traballo de ditas conmemoracións, propóranse actividades a nivel de centro e/ ou de aula, deseñadas especificamente para estas xornadas.

14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos valoraranse:

- Grao de desenvolvemento da programación, adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- Eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- As aprendizaxes alcanzadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Clima de traballo na aula.
- A coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias..



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
EDUCACIÓN MUSICAL**

**C.R.A. O ESQUÍO
CURSO 2021/2022**

1. Introducción
2. Educación infantil
 - 2.1 Relación cos diferentes elementos do currículo
 - 2.1.1 Obxectivos da área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal
 - 2.1.2 Contido
 - 2.1.3 Criterios de avaliación
3. Educación primaria: 1º Primaria
 - 3.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares da materia que forman parte do perfil competencial.
 - 3.2. Concreción de estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e criterios de avaliación.
4. Educación Primaria: 2º Primaria.
 - 4.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares da materia que forman parte do perfil competencial.
 - 4.2. Concreción de estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e criterios de avaliación.
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.
6. Materiais e recursos didácticos.
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
8. Medidas de atención á diversidade.
9. Ensino a distancia.

1. INTRODUCCIÓN - XUSTIFICACIÓN

A área de Educación Musical tanto na Educación Infantil coma na Primaria debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento integral e artístico das nenas e nenos, a apreciación da música como parte creativa, gusto pola diversidade de sons e instrumentos e tipos de música e destrezas rítmicas e de canto coral.

Mediante a danza e o canto, contribuímos á súa capacidade de expresión emocional e física, tan importante nestas idades.

As clases de música no CRA impártense coas etapas de educación infantil e primaria mesturadas, o que aporta unha gran riqueza e diversas posibilidades para traballar os diferentes aspectos da materia.

Nesta programación desenvólvese o relativo a educación primaria, mais trabállase tamén na área de infantil, as mesmas actividades adaptadas a cada unha das etapas.

2. EDUCACIÓN INFANTIL

2.1 RELACIÓN COS DIFERENTES ELEMENTOS DO CURRÍCULO

2.1.1 Obxectivos da área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

1. Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e alcanzando maior autonomía persoal.

2. Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

3. Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.

8. Mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...

9. Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual y cultural.

2.1.2 Contidos

Para conseguir a adquisición destes obxectivos imos a traballar a través dos contidos, establecidos polo citado Decreto 330/2009 do 4 de xuño e que na área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal se dividen en 4 grandes bloques. A continuación cítanse os contidos establecidos en cada un dos bloques, destacando que estes contidos serán traballados de forma conxunta e interrelacionados ao longo das unidades didácticas.

O corpo e a propia imaxe

-Identificación do esquema corporal a través da exploración do propio corpo, das súas características, sensacións, percepcións e interaccións cos compañeiros.

-Recoñecemento das percepcións sensoriais como medio de comprensión do mundo.

-Identificación, verbalización, control e expresión dos propios sentimentos e emocións.

-Aceptación da propia imaxe a través do descubrimento das súas posibilidades motrices.

-Aceptación das diferenzas nas persoas evitando actitudes discriminatorias.

-Adquisición de referencias espazo-temporais partindo do corpo, persoas e obxectos.

Xogo e movemento

-Implicación no xogo e no movemento con iniciativa e conciencia das posibilidades.

- O xogo como medio para coñecer a realidade, como forma de gozo e relación cos demais.
- Establecemento de acordos durante o xogo e comprensión e aceptación das normas.
- Potenciación do xogo como ferramenta para coñecer tanto a súa cultura como outras.
- Progresión na coordinación psicomotriz fina e grosa.
- Progresión no dominio das habilidades motoras e control do equilibrio, ton e respiración.
- Adquisición de noións básicas de orientación e de coordinación en diferentes contextos.
- Coñecemento das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas amosando interese por aprender novas habilidades.

A actividade cotiá

- Resolución e planificación autónoma das tarefas tendo en conta posibilidades e limitacións.
- Adquisición de hábitos básicos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Gusto polo traballo ben feito empregando recursos axeitados e pedindo axuda se a necesita
- Adecuación do seu comportamento ás necesidades dos demais e ás normas do grupo
- Autorrecoñecemento da identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos.

2.1.3 Criterios de avaliación.

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.

3. EDUCACIÓN PRIMARIA: 1º DE PRIMARIA

3.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares da materia que forman parte do perfil competencial.

Comunicación lingüística (CCL)

EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.

EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.

EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.

EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.

EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.

Competencia dixital (CD)

EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.

EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.

Aprender a aprender (CAA)

EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.

EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.

5EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.

EMB2.3.4. Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.

EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.

EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.

EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.

EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación,

longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son,

silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.

EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

3.2. Concreción de estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e criterios de avaliación.

1º PRIMARIA	
1º TRIMESTRE	
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, obxectos, dos animais e da voz.
	EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.
B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados
B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
2º TRIMESTRE	
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural	EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno	EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións

repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	sinxelas.
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.
3º TRIMESTRE	
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións

Os **instrumentos de avaliación** utilizados serán demostracións directas da actividade e escalas de observación.

4. EDUCACIÓN PRIMARIA: 2º DE PRIMARIA

4.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares da materia que forman parte do perfil competencial.

Comunicación lingüística (CCL)

EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.

EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.

EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.

EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.

Competencia dixital (CD)

EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.

EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.

Aprender a aprender (CAA)

EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.

EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.

EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.

EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.

EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.

EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.

EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.

EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.

EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.

EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.

EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.

EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaaos por familias.

EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

4.2. Concreción de estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e criterios de avaliación.

2º PRIMARIA	
1º TRIMESTRE	
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, instrumentos, obxectos, animais e da voz.
	EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascenden. e descenden., forte, piano, agudo e grave.
B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	EMB1.4.1. Representa con diferentes técnicas aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscita.
	EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e representacións musicais.
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaiñas e cancións ao unísono.
B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
2º TRIMESTRE	
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.

Instrumentos presentes no contexto natural	
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaaas coas súas obras.
B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento en concertos e representacións musicais.
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento	EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra. Clave de sol.
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
3º TRIMESTRE	
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaaas coas súas obras.
B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol e duracións.
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

Os **instrumentos de avaliación** utilizados serán demostracións directas da actividade e escalas de observación.

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente activa, na que o alumnado é o protagonista dos procesos de percepción e expresión nos distintos aspectos da formación musical.

As liñas pedagóxicas de actuación son as que se expoñen a continuación:

- ✓ Participación directa do alumnado na construción do coñecemento, considerando os seus intereses e posibilidades .

- ✓ Aprendizaxe baseado no descubrimento e no construtivismo, favorecendo a relación entre o que se sabe e os novos contidos, promovendo o desenrolo de estratexias propias da busca e fomentando actitudes de interese e curiosidade pola observación de distintos fenómenos.

- ✓ Metodoloxía intuitiva que parte da observación directa e indirecta, na recollida de información e no seu tratamento.

Métodos didácticos utilizados:

- ✓ Método "Orff", para traballa-lo sentido do ritmo con emprego de instrumentos de percusión.

- ✓ Método "Kodaly", intensifica a formación auditivo-vocal dentro da escala pentatónica.

- ✓ Método "Dalcroze" que parte do ritmo como ximnasia rítmica musical á que dá unha expresión plástica.

- ✓ Método "Willens" , para traballar os distintos aspectos musicais, partindo sempre da experiencia do alumnado.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

6. Materiais e recursos didácticos.

- Ordenador e canón.

- Fichas de traballo elaboradas pola mestra.

- Instrumentos de pequena percusión, placas "Orff" e outros instrumentos de percusión.

- Materiais de refugallo que serán reutilizados, aproveitando ao máximo as súas posibilidades sonoras e rítmicas.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro. Os criterios de cualificación corresponderase coa ponderación do perfil de área, tal e como se recolle no apartado 3 da presente programación.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situación expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde una formulación integradora.

O profesorado utilizará procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación. Así mesmo, incorpóranse estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros/as nas actividades de tipo cooperativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensinoaprendizaxe.

En canto ao promoción, o alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor/a.

8. Medidas de atención á diversidade.

Todo grupo, como suma de persoas únicas con características individuais, implica unha diversidade intrínseca que é preciso atender desde o punto de vista educativo. É por iso que as actividades adaptaranse á realidade de cada grupo e, na medida do posible, establecerase diferentes niveis de dificultade e variantes para as actividades, para deste xeito atender as individualidades presentes.

Dentro desta diversidade cabe destacar o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ANEAE), que segundo a LOMCE é aquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e

hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida. En calquera destes casos hai que realizar unha intervención inclusiva que asegure o máximo desenvolvemento de cada un apoiándose en medidas tanto curriculares como organizativas.

Para finalizar con este apartado hai que dicir que neste centro hai alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo e conta co apoio da mestra de educación musical para a realizar determinadas actividades que entrañan máis dificultade. Observarase con atención a súa evolución ao longo do ano e determinaranse medidas necesarias de reforzo educativo.

9. Ensino a distancia.

Se en algún momento do curso non fose posible a docencia presencial, continuaríase de forma telemática a través da aula virtual,

tanto a comunicación co alumnado como as actividades, explicacións...

Durante o tempo de clases presenciais potenciarase o uso de das ferramentas TIC e o uso da aula virtual, coa finalidade de que, no caso de que sexa preciso levar a cabo esa docencia telemática, esta se desenvolva coa maior facilidade posible.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)**



C.R.A. O ESQUÍO

CURSO 2021/2022

INDICE:

1. 2º CICLO DE ED. INFANTIL

- 1.1 COMPETENCIAS BÁSICAS
- 1.2 OBXECTIVOS
- 1.3 CONTIDOS
- 1.4 METODOLOXÍA
- 1.5 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- 1.6 CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- 1.7 MATERIAIS

2. ED. PRIMARIA

- 2.1 OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA
- 2.2 CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.
 - 2.2.1 1º CURSO DA ED. PRIMARIA
 - 2.2.2 2º CURSO DA ED. PRIMARIA
- 2.3 METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS.
- 2.4 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- 2.5 AVALIACIÓN (ESTÁNDARES, COMPETENCIAS E MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES, CRITERIOS DE AVALIACIÓN)
 - 2.5.1 1º CURSO DA ED. PRIMARIA
 - 2.5.2 2º CURSO DA ED. PRIMARIA

1. A ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA NA EDUCACIÓN INFANTIL

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é considerada como un elemento enriquecedor na Educación Infantil, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe da lingua inglesa cos obxectivos propostos no currículo para esta área.

A capacidade dos nenos e nenas máis pequenos para aprender idiomas é coñecida e aceptada pola maioría dos especialistas, ao que se lle engade a posibilidade de integrar o ensino do inglés na metodoloxía da Educación Infantil en xeral. Ao iniciar o estudo dunha lingua estranxeira a unha idade temperá, preténdese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico e estimulante que prepare ao neno ou nena para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade. Os nenos e as nenas que teñen este contacto cunha lingua estranxeira na Educación Infantil desenvolverán, cun esforzo mínimo, un conxunto de aptitudes e capacidades (sobre todo de comprensión auditiva e de pronuncia) que os axudará ao longo dos seus anos de estudo.

O ensino da lingua inglesa bríndanos a oportunidade de integrar diferentes áreas, tales como autonomía persoal, medio físico e social, comunicación e representación, dun xeito globalizador, así como de demostrar a súa interdependencia. Polo tanto, coas actividades propostas na aula, os nenos non só aprenden o inglés, senón que o utilizan como unha ferramenta de comunicación que lles permite descubrir e coñecer o seu corpo e adquirir unha imaxe positiva de si mesmos e dos seus compañeiros e compañeiras, co fin de adoptar actitudes autónomas con hábitos básicos de saúde e benestar e iniciar e promover as súas relacións sociais cos outros nenos e cos adultos.

1.1 AS COMPETENCIAS BÁSICAS

Na definición que a Lei Orgánica de Educación (LOE) fai do currículo, atopamos tanto os compoñentes tradicionais (obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación) como as competencias básicas. Aínda que as competencias básicas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si nalgunhas situacións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que terán que ser demostrados polos alumnos e alumnas.

En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. Hai un aspecto que debe salientarse, sobre o que se pode chamar carácter combinado da competencia: o alumno ou alumna, mediante o que sabe, debe demostrar que o sabe aplicar, pero

ademais que sabe ser e estar. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula, exemplo dunha formación integral do alumnado. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar no só prepara ó alumno ou alumna no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/cidadá; por iso é polo que debe demostrar unha serie de actitudes cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos demais, ser responsable, traballar en equipo e ademais que implique a resolución de problemas na práctica.

Tamén é importante outro aspecto: formar en competencias permite facer fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área do ensino.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno e alumna cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital
- Competencia social e cidadá
- Competencia cultural e artística
- Competencia para aprender a aprender
- Competencia en autonomía e iniciativa persoal

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir habilidades de escoitar, falar e conversar, unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos con funcións diversas. Para desenvolver as competencias traballaremos, sobre todo, por proxectos arredor de contos e historietas con cancións, xogos, fichas, manualidades artísticas e o uso dos recursos

tecnolóxicos dispoñibles. O paradigma educacional referente é o de aprender facendo. A materia que nos ocupa contribúe ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade de alumnos e alumnas para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. As linguas sérvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións, pero tamén, en grande medida son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvense a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros ou compañeiras, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese aprender de e cos demais. Nas diferentes leccións anímase aos nenos e nenas a pensar noutras culturas, comparándoas coa súa propia. Tamén se tratan as festividades en países de fala inglesa, con rimas tradicionais e diálogos/escenas protagonizados por nenos e nenas de fala inglesa.

A aprendizaxe da lingua estranxeira inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, xa que logo, contribúe a adquirir a competencia artística e cultural ao propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais ou en grupo, como a realización e representación de simulacións e narracións. Ao longo do curso os nenos usan a linguaxe musical usando cancións ou chants, manualidades con tarxetas recortábeis, escenificacións de historia e realización de creacións propias e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora de cada neno ou nena.

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da competencia en autonomía e iniciativa persoal, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón pór en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal. A adquisición desta competencia implica ser creativo,

innovador, responsable e crítico no desenvolvemento de proxectos individuais ou colectivos con confianza, creatividade e responsabilidade, por exemplo, mediante os contos e os xogos. As habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento veñen englobadas dentro do tratamento da información e competencial dixital. Inclúe aspectos que van dende o acceso e selección da información ata o seu uso e transmisión en diferentes soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse. A adquisición desta competencia supón, polo menos, utilizar recursos tecnolóxicos para resolver problemas de modo eficiente e ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información de que se dispón. As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen a posibilidade de ter acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento. Os xogos interactivos utilizados na aula de lingua estranxeira dan a oportunidade de procesar información e consolidar coñecementos. As páxinas web www.educalim.com e <http://clic.xtec.cat/es/> son exemplos de actividades a utilizar na clase na pantalla interactiva. Ademais, os contos e cancións utilizados nos proxectos teñen todos soporte audiovisual para asistir aos nenos a procesar e a comunicar información, e máis para transformala en coñecemento.

Mediante a competencia matemática poñemos en práctica a habilidade para utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. A adquisición desta destreza supón, en suma, aplicar destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática, expresarse e comunicarse na linguaxe matemática e integrar o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento. Ao longo do curso numerosas actividades ofrecen a oportunidade de desenvolver a competencia matemática con exercicios de secuenciar viñetas, contar e ordenar. Ademais, en educación infantil contribúese á mellora da competencia matemática na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais, por exemplo, durante a asemblea contar os que están na clase, quen falta e tamén a data.

A competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico é a habilidade para interactuar co mundo físico nos seus aspectos naturais e nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora

e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. En suma, esta competencia implica a adquisición dun pensamento científico-racional que permite interpretar a información e tomar decisións con autonomía e iniciativa persoal, así como utilizar valores éticos na toma de decisións persoais e sociais. Esta competencia, partindo do coñecemento do corpo humano, da natureza e da interacción dos homes e mulleres con ela, permite argumentar racionalmente as consecuencias duns ou doutros modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudable nun contorno natural e social tamén saudable. Son parte desta competencia básica o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio ambiente, o consumo racional e responsable e a protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas. Na aula de lingua estranxeira trataranse unha variedade de temas que inclúen o coñecemento do corpo, as comidas, a natureza, animais, relacións sociais entre amigos e familia.

1.2 OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL

No Decreto 330/2009, do 4 de xuño, establécese como obxectivo xeral para este ciclo:

“Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse nas actividades dentro da aula e mostrar interese e gusto por participar nestes intercambios comunicativos”.

Establécense como obxectivos específicos os seguintes:

- Empregar a nova lingua para a comunicación interpersonal e para a regulación da conduta propia e allea, incluída nas rutinas da aula.
- Achegarse á cultura escrita a través de contos.
- Empregar as formas plásticas para expresar o que sentiron ou experimentaron.
- Comprender, a partir de situacións axeitadas á idade, textos sinxelos, nos que teñan que implicarse a través de respostas.
- Expresar sentimentos, desexos e ideas perante xestos, movementos ou linguaxe oral, axustándose aos diferentes contextos e situacións de comunicación habituais e cotiás e a diferentes interlocutores.
- Empregar as normas que rexen os intercambios lingüísticos e non lingüísticos nos relatos, diálogos, xogos e conversas colectivas (poñer atención, agardar a quenda, adecuar a voz, empregar formas sociais axeitadas...)
- Comprender e reproducir algúns textos tradicionais da outra lingua (poesías, cancións, contos ou rimas), amosando unha actitude de valoración e interese cara eles.
- Fomentar a autoestima persoal a través da valoración consciente dos seus progresos.

1.3 UNIDADES PROPOSTAS NA PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA

- | | |
|--------------------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> Hello | <input type="checkbox"/> The Body |
| <input type="checkbox"/> The Weather | <input type="checkbox"/> Numbers(1-10) |
| <input type="checkbox"/> Colours | <input type="checkbox"/> Food |
| <input type="checkbox"/> Animals | <input type="checkbox"/> Transportation (Bike and Bus) |
| <input type="checkbox"/> Family | |

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Levaranse a cabo en coordinación co resto do profesorado. Son as seguintes:

- Autumn Festival
- Birthdays
- Halloween
- Christmas
- Carnival
- Easter

1.4 METODOLOXÍA

O criterio fundamental será empregar unha metodoloxía que favoreza a incorporación das competencias básicas no currículo e permita atender á diversidade existente nas aulas, de xeito que favoreza o traballo autónomo, o ritmo individual dos alumnos e alumnas e que partindo da motivación e o interese actúe como factor desencadeante da actividade que permita a aprendizaxe. As actividades serán curtas, xa que a capacidade de atención e concentración dos nenos e nenas destas idades é bastante limitada. Convén non adicar demasiado tempo a unha determinada actividade e impartir as clases de modo que as actividades se sucedan rapidamente. É recomendable non adicar máis de dez minutos a cada unha delas.

Na distribución do espazo preverase que as nenas e os nenos dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sós e para xogar e relacionarse cos demais, disporán de espazos para actividades que requiran unha certa concentración e de espazos amplos que faciliten o movemento.

A maioría da aprendizaxe farase xogando e incluíranse actividades motivadoras tales como cancións, contos, rimas, dramatizacións e tarefas que impliquen debuxar, colorear, cortar, pegar e pintar. Estas actividades fomentan o aprender facendo. Seguirase pois, unha metodoloxía lúdica, que potencie as destrezas e habilidades na manipulación de instrumentos, ferramentas e materiais. Nestas idades apréndese a través da experiencia directa vía os cinco sentidos, xa que aínda non entenden conceptos abstractos. Por iso é moi importante o uso do movemento, isto é, que os rapaces actúen, fagan mímica e representen con xestos todo o que se faga. Tamén así potenciamos a vivencia e control do corpo en relación ao movemento, ás dimensións do espazo e ao movemento dos demais.

1.5 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado. Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza, organizaranse diversas formas de agrupamento tendo en conta as potencialidades de cada unha delas. O gran grupo é apropiado para exposicións, presentacións de modelos, distribución de tarefas, explicacións, asemblea e tamén actividades audiovisuais. O grupo pequeno é favorecedor para que a mestra poida prestar axuda axeitada segundo o grao de realización da tarefa. A actividade individual é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, ao tempo que promove responsabilidade e autonomía.

1.6 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

É importante levar un control do progreso para poder facer un seguimento individualizado da

aprendizaxe. Este control do progreso ten que ser un labor continuado, facendo preguntas sinxelas, prestando atención ós nenos e nenas mentres traballamos, observando cómo se desenvolven durante as actividades levadas a cabo. Ir anotando todas estas observacións será moi útil cando sexa preciso coordinarse co mestre/a titor/a (como dicíamos previamente) ou mesmo para presentar un informe ás nais e pais.

Avalíase se os nenos e nenas amosan unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais, en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

Os criterios de avaliación consisten nos seguintes indicadores específicos ao longo do ano:

- Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.
- Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Amosa interese por coñecer aspectos da lingua e cultura estranxeiras.
- Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.
- Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.
- Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.
- Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.

1.7 MATERIAIS

Os materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posibles; o material básico empregado será un compendio de materiais elaborados polo mestre especialista, así como tomado de diferentes fontes con licenza de libre uso, ou uso non comercial, libros de contos variados da biblioteca do CRA, flashcards, películas e cancións (con soporte audiovisual) e actividades con soporte dixital, e o uso de páxinas web para a pantalla interactiva (por exemplo, learnenglishkids.britishcouncil.org, www.educalim.com e <http://clic.xtec.cat/es/>). Ademais do material necesario para as actividades artísticas.

Estes materiais ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento para despertar o interese dos nenos e nenas e crear un ambiente significativo. Para un contexto de ensino semipresencial ou non presencial, habilitase dentro das Aulas Virtuais un espacio para actividades lúdico-educativas, que poden ser usadas ademais como actividades complementarias ás realizadas presencialmente no centro. Comunicarase ademais ás familias por

medio de correos electrónicos, Whatsapp ou calquera outro ao noso alcance, un listado de actividades a desenrolar.

2. EDUCACIÓN PRIMARIA

A finalidade desta programación é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE centrándonos, como é loxíco, na competencia en comunicación lingüística e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén pola LOMCE, no proceso de aprendizaxe. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira na promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico..

2.1 OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Os obxectivos da Educación Primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumando, das capacidades que permitan:

Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2.2 CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

A continuación, recóllense os contidos que se traballarán ao longo deste curso, a súa temporalización, competencias clave que se traballan con cada un deles, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e os criterios de avaliación. Segundo se establece nas Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, “a programación incorporará as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como unha transición posible ao

ensino non presencial, se esta fose necesaria”.

2.2.1 1º CURSO DA ED. PRIMARIA

1º Lingua Estranxeira Inglés			
1º TRIMESTRE			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COM P. CLAVE
<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Iniciación, mediante xogos e adiviñas, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, familiares e habituais, e do seu interese.</p> <p>Asociación de palabras e frases moi sinxelas a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións en soporte papel ou dixital.</p> <p>Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas.</p> <p>Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e estruturas elementais da lingua estranxeira.</p>	<p>B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.</p>	<p>PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).</p>	CCL
<p>B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira.</p>	<p>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p>	<p>PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</p>	CCL CSC
		<p>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de</p>	CCL CSC

		xogos.	
<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Actualización moi guiada dos coñecementos previos sobre o tipo de texto que se vai ler (por ex. como acostuman ser os e as personaxes dos contos, como remata a historia, onde sucede a trama...).</p> <p>Identificación da idea global de textos moi sinxelos, elementais e moi familiares (contos, cancións ou rimas...), e encadrados por imaxes redundantes e títulos moi evidentes do contido textual.</p> <p>Identificación de palabras clave moi evidentes, concretas, sinxelas e familiares relacionadas cos e coas personaxes a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.</p>	<p>B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.</p>	CCL
		<p>PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.</p>	CCL CAA
<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>- Planificación: Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral.</p> <p>- Execución: Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e programas informáticos. Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema. Iniciarse no emprego de programas informáticos para reproducir mensaxes escritas moi sinxelos.</p>	<p>B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.</p>	CCL
<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira. Recoñecemento e uso das fórmulas</p>	<p>B5.1. o seu uso comunicativo.</p>	<p>PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios,</p>	CSC

básicas da relación social e cortesía. Interese polo traballo individual, en parellas ou grupos.		comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	
B5.2. Funcións comunicativas: Establecemento de relacións sociais: saudar, despedirse, agradecer, dirixirse aos demais. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (nome, idade e gustos). Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre obxectos próximos á contorna escolar, os días da semana e o tempo atmosférico). Formulación de preguntas e respostas sobre obxectos e espazos próximos á contorna escolar. Expresión moi elemental da posesión. Expresión do gusto e a preferencia (favoritos). Expresión de cantidade. Expresión de estado de ánimo. Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción.		PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	CCL CSC
		PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.	CCL CSIE E
	B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).	CCL CSC
	B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.	PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) o acordo (That´s right).	CCL
B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: Preguntas e respostas sobre obxectos próximos á contorna escolar (What´s this?, It´s my...). Expresión de cantidade: contar ata 20.	B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	CCL
B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo cores, números, materiais e espazos escolares, formas xeométricas moi básicas, membros da familia mais próxima, comidas e bebidas elementais, xoguetes, partes do corpo, animais de compañía, estado de ánimo, tempo	B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula.	CCL CSC

atmosférico, días da semana e accións.			
2º TRIMESTRE			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COM P. CLAV E
<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Iniciación, mediante xogos e adiviñas, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, familiares e habituais, e do seu interese.</p> <p>Identificación do tema de textos moi sinxelos, adaptados á súa idade e aos seus intereses (contos, rimas infantís, cancións).</p> <p>Asociación de palabras e frases moi sinxelas a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións en soporte papel ou dixital.</p> <p>Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas.</p> <p>Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e estruturas elementais da lingua estranxeira.</p>	<p>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.</p>	CCL
		<p>PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.</p>	CCL CAA
<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación: Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.</p> <p>Execución: Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos. Usar a linguaxe non-verbal que corresponda á situación</p>	<p>B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.</p>	<p>PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).</p>	CCL

<p>comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</p> <p>Participar activamente en rutinas de clase, representacións, cancións, dramatización etc, empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).</p> <p>Repetir e reproducir en grupo textos orais sinxelos seguindo patróns orais.</p> <p>Imitar situacións de comunicación sinxelas a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.</p> <p>Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, estados de ánimo...).</p>			
<p>B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais: Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas elementais relacionados coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.</p>	<p>PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente</p>	<p>CCL CAA</p>
<p>B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais: Uso dos signos de puntuación máis básicos. Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.</p> <p>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>	<p>CCL CCL</p>
<p>B5.3. Estructuras sintáctico-</p>	<p>B5.3. Obter e dar información básica persoal,</p>	<p>PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito</p>	<p>CCL</p>

<p>discursivas:</p> <p>Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita ou estado (What's your name?, My name is/ I'm, How old are you?, What's your favourite colour? My favourite colour is, Are you happy/sad?, Yes, I am/No, I'm not).</p> <p>Preguntas e respostas sobre os días da semana e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's).</p> <p>Preguntas e respostas sobre obxectos próximos á contorna escolar (What's this?, It's my...).</p> <p>Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa (I like).</p> <p>Expresión de cantidade: contar ata 20.</p> <p>Preguntas e respostas sobre as partes básicas do corpo e de elementos próximos a súa contorna (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this?, This is my (brother), alimentos (What's this ?, This is).</p>	<p>sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</p>	<p>comprensible sobre aspectos persoais moi básicos (nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).</p>	
	<p>B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</p>		
	<p>B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos</p>		<p>PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)</p>
	<p>B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p>	<p>PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</p>	<p>CCL</p>
<p>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo cores, números, materiais e espazos escolares, formas xeométricas moi básicas, membros da familia mais próxima, comidas e bebidas elementais, xoguetes, partes do corpo, animais de compañía, estado de ánimo, tempo atmosférico, días da semana e accións.</p>	<p>B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p>	<p>PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula.</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>3º TRIMESTRE</p>			
<p>CONTIDOS</p>	<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>	<p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</p>	<p>COM P. CLAV</p>

			E
<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Iniciación, mediante xogos e adiviñas, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, familiares e habituais, e do seu interese.</p> <p>Identificación do tema de textos moi sinxelos, adaptados á súa idade e aos seus intereses (contos, rimas infantís, cancións).</p> <p>Asociación de palabras e expresións moi básicas e moi sinxelas con elementos paraverbais.</p> <p>Asociación de palabras e frases moi sinxelas a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións en soporte papel ou dixital.</p> <p>Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas.</p> <p>Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e estruturas elementais da lingua estranxeira.</p>	<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</p>	CCL
<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.</p> <p>Execución:</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.</p> <p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos.</p> <p>Usar a linguaxe non-verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou</p>	<p>B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.</p>	<p>PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.</p>	CCL

<p>corporal).</p> <p>Participar activamente en rutinas de clase, representacións, cancións, dramatización etc, empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).</p> <p>Repetir e reproducir en grupo textos orais sinxelos seguindo patróns orais.</p> <p>Imitar situacións de comunicación sinxelas a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.</p> <p>Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, estados de ánimo...).</p>			
<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Actualización moi guiada dos coñecementos previos sobre o tipo de texto que se vai ler (por ex. como acostuman ser os e as personaxes dos contos, como remata a historia, onde sucede a trama...).</p> <p>Identificación da idea global de textos moi sinxelos, elementais e moi familiares (contos, cancións ou rimas...), e encadrados por imaxes redundantes e títulos moi evidentes do contido textual.</p> <p>Identificación de palabras clave moi evidentes, concretas, sinxelas e familiares relacionadas cos e coas personaxes a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.</p>	<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.</p>	<p>CCL</p>
<p>B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais: Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e</p>	<p>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia</p>	<p>PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma</p>	<p>CCL CAA</p>

<p>significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>adequadas.</p>	<p>oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente</p>	
<p>B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral. Execución: Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e programas informáticos. Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema. Iniciarse no emprego de programas informáticos para reproducir mensaxes escritas moi sinxelos.</p> <p>B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais: Uso dos signos de puntuación máis básicos. Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.</p>	CCL
		<p>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>	CCL
<p>B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita ou estado (What's your name?, My name is/ I'm, How old are you?, What's your favourite colour? My favourite colour is, Are you happy/sad?, Yes, I am/No, I'm not). Preguntas e respostas sobre os días da semana e o tempo atmosférico</p>	<p>5.9. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. ex. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais como e, ou).</p>	<p>PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</p>	CCL
	<p>5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</p>	<p>PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.</p>	CCL

<p>(What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's).</p> <p>Preguntas e respostas sobre obxectos próximos á contorna escolar (What's this?, It's my...).</p> <p>Expresión de posesión en primeira persoa (I've got) e formulación da pregunta correspondente (Have you got...?).</p> <p>Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa (I like).</p> <p>Expresión de cantidade: contar ata 20.</p> <p>Preguntas e respostas sobre as partes básicas do corpo e de elementos próximos a súa contorna (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this?, This is my (brother), alimentos (What's this?, This is).</p> <p>Expresión de permiso e axuda (Can I...?).</p> <p>Expresión de habilidade (I can...).</p>			
<p>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo cores, números, materiais e espazos escolares, formas xeométricas moi básicas, membros da familia mais próxima, comidas e bebidas elementais, xoguetes, partes do corpo, animais de compañía, estado de ánimo, tempo atmosférico, días da semana e accións.</p>	<p>B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p>	<p>PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.</p>	<p>CCL CSC</p>
	<p>B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.</p>	<p>PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.</p>	<p>CCL CSC</p>

2º Lingua Estranxeira Inglés			
1º TRIMESTRE			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COM P. CLAV E
<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.</p> <p>Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.</p> <p>Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.</p> <p>Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.</p> <p>Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.</p>	<p>B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.</p>	<p>PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).</p>	CCL
<p>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.</p>	<p>B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.</p>		
<p>B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos: iniciación a algúns aspectos básicos da fonética, do ritmo, acentuación e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.</p>	<p>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<p>PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.</p>	CSC
		<p>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.</p>	CCL CSC
<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p>	<p>B3.2. Utilizar e aplicar as</p>	<p>PLEB3.1. Comprende</p>	CCL

<p>Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.</p> <p>Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes.</p> <p>Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.</p>	<p>estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.</p>	<p>palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p>	
<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral... próximos a súa idade.</p> <p>Execución:</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.</p> <p>Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.</p> <p>Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.</p> <p>Iniciarse no uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.</p> <p>Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.</p>	<p>B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p>	CCL
<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.</p> <p>Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de</p>	<p>B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</p>	<p>PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</p>	CCL CAA CSC
	<p>B5.2. Amosar curiosidade</p>	<p>PLEB5.2. Recoñece e</p>	CCL

<p>manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.</p>	<p>utiliza fórmulas básicas de relación social.</p>	CSC
		<p>PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.</p>	CCL
<p>B5.2. Funcións comunicativas: Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.</p> <p>Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.</p>	<p>B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.</p>	<p>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).</p>	CCL CSC
		<p>PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.</p>	CSC
	<p>B5.6. Comprender e expresar a posesión.</p>	<p>PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.</p>	CCL
<p>B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:</p> <p>Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It's, I'm (hungry)).</p> <p>Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's, What month are you in?, I'm in).</p> <p>Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).</p> <p>Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)...).</p> <p>Expresión de posesión en primeira</p>	<p>B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p>	<p>PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.</p>	CCL CSC
	<p>B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</p>	<p>PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.</p>	CCL CSC
	<p>B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.</p>	<p>PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.</p>	CCL

<p>e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't).</p> <p>Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).</p> <p>Expresión de cantidade: contar desde 21 a 50.</p> <p>Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this ?, This is my (brother), alimentos (What's this?, This is).</p> <p>Identificación das pezas de roupa (I'm wearing).</p> <p>Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can't).</p> <p>Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I...?).</p> <p>Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I'm not).</p> <p>Expresión da cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?.</p>			
	2º TRIMESTRE		
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COM P. CLAV E
B1.1. Estratexias de comprensión: Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses	B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si	CCL CCL CAA

<p>do alumnado.</p> <p>Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p> <p>Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.</p> <p>Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.</p> <p>Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.</p> <p>Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.</p>		<p>mesmo/a e dos e das demais.</p>	
<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.</p> <p>Execución:</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.</p> <p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.</p> <p>Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</p> <p>Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.</p> <p>Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.</p> <p>Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións... que precisen de sinxelas intervencións orais.</p> <p>Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de</p>	<p>B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.</p>	<p>PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).</p>	<p>CCL</p>

comunicación, seguindo modelos. Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación.			
B3.3. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: Identificación y uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas. Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.	B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.	PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.	CCL CAA
B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: Uso dos signos de puntuación máis básicos. Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.	B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	CCL
		PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	CCL CAA
B5.2. Funcións comunicativas: Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos). Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida... Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días	B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.	CCL CAA CSC
	B5.5. Expresar noicións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.		
	B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.	PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.	CCL

<p>da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.</p> <p>Identificación e seguimento de instrucións.</p> <p>Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.</p> <p>Expresión do que lle gusta e non lle gusta.</p> <p>Identificación dos materias que compoñen os obxectos.</p> <p>Identificación das partes do corpo e da cara.</p> <p>Identificación dos membros da familia próximos.</p> <p>Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.</p> <p>Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.</p> <p>Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.</p> <p>Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.</p> <p>Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.</p>			
<p>B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:</p> <p>Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).</p> <p>Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)...).</p> <p>Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't).</p>	<p>B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p>	<p>PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>B5.4. Léxico oral de alta</p>	<p>B5.12. Comprender e utilizar</p>	<p>PLEB5.14. Comprende</p>	<p>CCL</p>

<p>frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, formas xeométricas básicas, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa.</p>	<p>o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p>	<p>e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.</p>	<p>CAA</p>
<p>3º TRIMESTRE</p>			
<p>CONTIDOS</p>	<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>	<p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</p>	<p>COM P. CLAV E</p>
<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado. Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións...). Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais. Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital. Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas. Repetición, memorización e</p>	<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</p>	<p>CCL</p>

<p>observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.</p>			
<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces. Execución: Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais. Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado. Participar en representacións, memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica). Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais. Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc. Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións... que precisen de sinxelas intervencións orais. Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos. Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación. Producir textos orais moi sinxelos</p>	<p>B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).</p>	<p>PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.uncia e entoación comprensibles.</p>	<p>CCL</p>

e coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas, representacións, cancións, recitados, dramatizacións etc.			
<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade. Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes. Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.</p>	<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p>	CCL
		<p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</p>	CCL
<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade. Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes. Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.</p>	<p>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas</p>	<p>PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.</p>	CCL CAA
<p>B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral... próximos a súa idade. Execución: Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.</p>	<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.</p>	CCL
		<p>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa</p>	CCL CAA

<p>Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.</p> <p>Iniciarse no uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.</p> <p>Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.</p>		<p>secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>	
<p>B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas:</p> <p>Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It's, I'm (hungry)).</p> <p>Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's, What month are you in?, I'm in).</p> <p>Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's it?, It's in/on/under/next to).</p> <p>Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)...).</p> <p>Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't).</p> <p>Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).</p> <p>Expresión de cantidade: contar desde 21 a 50.</p> <p>Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What's this?, It's...),</p>	<p>5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.</p>	<p>PLEB5.9. Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.</p>	<p>CCL CSC</p>
	<p>5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.</p>	<p>PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.</p>	<p>CCL</p>

<p>membros da familia (Who's this ?, This is my (brother), alimentos (What's this?, This is).</p> <p>Identificación das pezas de roupa (I'm wearing).</p> <p>Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can't).</p> <p>Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I...?).</p> <p>Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you hungry?, Yes, I am/No I'm not).</p> <p>Expresión da cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?).</p>			
<p>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, formas xeométricas básicas, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa.</p>	<p>B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p>	<p>PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. traballado previamente.</p>	<p>CCL CAA</p>
	<p>B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.</p>	<p>PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).</p>	<p>CCL</p>
<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.</p> <p>Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade</p>	<p>B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</p>	<p>PLEB5.15. Aмосa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.</p>	<p>CCL CSC</p>
	<p>B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha</p>	<p>PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios</p>	<p>CSC</p>

<p>do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>competencia integrada.</p>	<p>ilustrados, dramatizacións etc.</p>	
--	-------------------------------	--	--

2.3 METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS.

Usaremos o material didáctico correspondente ao método New Tiger, da editorial Macmillan, que inclúe “workbooks” e “activitie books” (no primeiro curso decidimos non utilizar o workbook, anida que si en segundo), fichas, tarxetas, pósters e vídeos, así como outros elaborados polo mestre ou procedentes de diferentes fontes con licencia de libre uso.

Ensino intercurricular

O inglés será o vehículo para aprender sobre un tema e non só un tema en si mesmo. A aprendizaxe intercurricular motivará aqueles nenos que non ven a relevancia do inglés no seu día a día. A existencia de alumnos anglófonos facilita tamén a integración natural da lingua estranxeira dentro da aula, fóra incluso do horario da materia.

Comprensión e expresión oral

Axudar os alumnos a comunicarse e a entender a linguaxe falada é fundamental nos primeiros cursos de Ed primaria. A capacidade lingüística dos nenos desenvolverase a través de actividades de comprensión oral, construción de vocabulario e coñecementos básicos de fonética.

Soporte audiovisual e material interactivo

Videos con cancións, historias e actividades orais. Dispoñemos ademáis de material interactivo facilitado pola propia editorial Macmillan e que enlaza e complementa o traballado na aula, trátase da App Navio, se ben o CRA non dispón de equipos informáticos que soporten esta App, polo que se reserva o seu uso cotián para o caso de un ensino a distancia ou semipresencial, como se fixo no curso anterior.

Comprensión e expresión escrita

Os nenos xa terán empezado a desenvolver a capacidade de lectura e escritura na súa propia lingua, tamén coñecen as regras de uso dun libro, e están a aprender as normas da lingua escrita, maiúsculas, puntuación e formación de frases. As actividades de inglés están deseñadas para reforzar este coñecemento e aplicalo á aprendizaxe do inglés.

Actividades de reforzo e ampliación

Algunhas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio, utilizaranse ademais de actividades orais e tipo “role playing”, “worksheets” con diferente gradación dependendo das necesidades de cada alumno.

Actividades de desenvolvemento de competencias básicas

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ao desenvolvemento dunha ou varias competencias básicas, entre as que se incluírían:

“Brainstorming”

Actividades na lousa dixital

Actividades baseadas en distintos soportes

Actividades en grupo

Textos culturais, cancións, rimas, etc.

Actividades nas que se traballan as emocións

Metodoloxía e actividades para o caso de educación non presencial ou semipresencial.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado de Ed. Primaria do CRA ten conectividade, aínda que en algúns casos se cingue ao uso de smartphones en periodos limitados, polo que o contacto será fundamentalmente vía whatsapp ou correo electrónico, medio polo que se transmitirán as actividades correspondentes aos diferentes apartados do tema, en formato PDF, vídeo ou imaxe estática. Habilítase ademais este curso o uso das Aulas Virtuais do centro para tódolos niveles, con cursos específicos para os diferentes niveis e necesidades, así como con materiais de libre acceso para todo o alumnado.
Materiais e recursos	Ademais das Aulas Virtuais, o seguimento do alumnado de Ed. Primaria levarase a cabo a traveso da APP Navio, proporcionada pola Ed. Macmillan, que sigue o método New Tiger, que usamos nas clases presenciais. Intentarase o establecemento de videoconferencias, algo que resultou irregular durante os confinamentos anteriores polas limitacións da conexión a internet do propio mestre de Lingua estranxeira, polo que se utilizarán sobre todo vídeos, audios e fichas de actividades proporcionadas pola mencionada editorial, ademais de outros de

2.4 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O profesor titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado do alumnado ao que tutoriza de acordo co que estableza a Administración educativa correspondente, e manterá unha relación permanente coa familia. A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Se ben, dentro do grupo de alumnado do primeiro curso de Educación Primaria, se atopa escolarizada unha alumna con NEAE, e algúns alumnos de outras nacionalidades e con inclusión tardía no sistema educativo, non se aprecia necesidade de adaptacións curriculares significativas polo ámbito fundamentalmente oral de utilización da lingua estranxeira, se ben si se aplicarán medidas de reforzo, fundamentalmente no ámbito da lectoescritura e de adaptación de tempos en aqueles casos que o necesiten.

A propia metodoloxía activa e de interacción oral, mediante o xogo e actividades de búsqueda/investigación tanto dentro da aula como na súa contorna, facilita a integración das diferentes tipoloxías de alumnado.

O método utilizado ofrécenos recursos de diferente tipo para ir graduando as actividades en función das necesidades que se detecten en cada momento:

- Actividades do Activities Bank do Teacher's Book.
- Pupil's App que proporciona práctica adicional en clase ou en casa.
- Teacher's App en Navio: Fichas de reforzo e extensión, Progress Journal e Skills Trainer.

2.5 AVALIACIÓN

A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. O profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

A avaliación por competencias permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias básicas. Algúns criterios son ligados expresamente a

conceptos, e outros, preferentemente á procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que perseguimos á avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que temos que identificar con as finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando sexa o caso). Haberá outras avaliacións, como a inicial (non clasificada) e a final e, sobre todo, continua ou formativa, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, na carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

2.5.1 Primaria, 1º Curso

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente. B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e	PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).

peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.
B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos). PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.
B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.	PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.

Mínimos para superar as competencias clave e criterios de promoción.

Comprensión de mensaxes orais sinxelos para realizar tarefas na aula.
Lectura de palabras e frases sinxelas, previamente coñecidas en interaccións orais reais ou simuladas.
Escritura de palabras e frases previamente coñecidas.
Iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira
Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social en lingua estranxeira.
Actitude receptiva hacia as persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

2.5.2 Primaria, 2º Curso

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.
B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
	PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e	PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de

desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.	relación social.
	PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).
	PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.

Mínimos para superar as competencias clave e criterios de promoción.

Identificación do sentido xeral e a información esencial en textos orais e escritos moi curtos e simples, en contextos cotiás previsibles.
Participación en intervencións breves e simples, aínda que se produzan titubeos, vacilacións, repeticións ou pausas para reorganizar o discurso.
Manexo de estruturas sintácticas básicas, aínda que se sigan cometendo erros comúns dunha forma sistemática.
Interese na participación das diferentes actividades propostas e polo tanto na súa aprendizaxe da lingua, e interactuar cos compañeiros nas situacións máis habituais utilizando a lingua inglesa.
Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con os mesmos.
Interés por utilizar a lingua estranxeira de forma correcta en situacións variadas.
Actitude receptiva hacia as persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

No resultado final da avaliación teranse en conta ademais aspectos como o interés e actitude do alumno, así como o seu esforzo e capacidade de traballo. Os criterios de cualificación atenderán polo tanto, non só á consecución dos obxectivos e competencias clave, que terá un peso específico dun 60% no resultado final, senón tamén á actitude cara á aprendizaxe da lingua, respecto aos compañeiros e o esforzo e traballo realizado nas actividades diarias, que suporá o 40% restante da nota final.

No hipotético contexto de confinamento por motivo do COVID19, teranse fundamentalmente en

conta para mellorar as cualificacións, o traballo desenvolvido na casa, e transmitido por vía telemática.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN FÍSICA

C.R.A. O ESQUÍO

CURSO 2021/2022



1. Introducción

2. Educación infantil

2.1 Relación cos diferentes elementos do currículo

2.1.1 Obxectivos da área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

2.1.2 Contido

2.1.3 Criterios de avaliación

3. Educación primaria

3.1 Relación cos diferentes elementos do currículo

3.1.1 Obxectivos

3.1.2 Perfil de área

3.1.3 Competencias clave

4. Avaliación

5. Temporalización

6. Metodoloxía

7. Atención á diversidade

8. Procedementos para avaliar a propia programación

1. INTRODUCCIÓN - XUSTIFICACIÓN

A área de Educación Física tanto na Educación Infantil coma na Primaria debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara a educación total, polo que fomentárase a través da mesma, a adquisición de capacidades, de hábitos saudables, a educación para o ocio, así como inculcar valores como o respecto, a colaboración ou a cooperación, e tamén tratar o deporte dende a perspectiva do espectador/a ou como do que o/a practica.

En resumidas contas o que se busca alcanzar coa Educación Física é unha educación global, que non so se restrinxa o adestramento corporal, e si en presentarlles aos alumnos/as todo tipo de experiencias motrices básicas, para fomentar e inculcarlles a práctica de actividade física non so no colexio, senón tamén na vida cotiá.

Creo necesario tamén citar que a programación segundo Viciano, é un traballo concreto, palpable, máis local e adaptado ao contexto máis específico, que se rexen por decisións e actuacións concretas.

Por último, dicir que esta programación está encadrada no terceiro nivel de concreción curricular, e por enriba dela atópase o PCC ou proxecto curricular de centro (2o nivel de concreción curricular) e o decreto ou orde (1o nivel) no caso da Educación Infantil (Decreto 330/2009 do 4 de xuño) e na Educación Primaria (Decreto 105/2014 do 4 de setembro).

2. EDUCACIÓN INFANTIL

2.1 RELACIÓN COS DIFERENTES ELEMENTOS DO CURRÍCULO

Na Educación Infantil, a área de Educación Física, seguindo o Decreto 330 do 4 de xuño, aparece citada na área de *Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal* e fálase da adquisición dunha serie de elementos curriculares, **obxectivos, contidos, criterios de avaliación**.

2.1.1 Obxectivos da área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

1. Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e alcanzando maior autonomía persoal.

2.Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

3.Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.

4.Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo capaces de solicitar axuda.

5.Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.

6.Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e disfrutando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

7.Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.

8.Mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...

9.Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual y cultural.

2.1.2 Contidos

Para conseguir a adquisición destes obxectivos imos a traballar a través dos contidos, establecidos polo citado Decreto 330/2009 do 4 de xuño e que na área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal se dividen en 4 grandes bloques. A continuación cítanse os contidos establecidos en cada un dos bloques, destacando que estes contidos serán traballados de forma conxunta e interrelacionados ao longo das unidades didácticas.

O corpo e a propia imaxe

- Identificación do esquema corporal a través da exploración do propio corpo, das súas características, sensacións, percepcións e interaccións cos compañeiros.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais como medio de comprensión do mundo.
- Regulación e control das necesidades básicas corporais.
- Identificación, verbalización, control e expresión dos propios sentimentos e emocións.
- Aceptación da propia imaxe a través do descubrimento das súas posibilidades motrices.
- Valoración propia axustada e positiva, recoñecendo posibilidades e limitacións.
- Observación e valoración dos cambios físicos nas persoas como co paso do tempo.
- Aceptación das diferenzas nas persoas evitando actitudes discriminatorias.
- Adquisición de referencias espazo-temporais partindo do corpo, persoas e obxectos.
- Asimilación da identidade sexual e rexeitamento aos estereotipos ofertados polos medios.

Xogo e movemento

- Implicación no xogo e no movemento con iniciativa e conciencia das posibilidades.
- O xogo como medio para coñecer a realidade, como forma de gozo e relación cos demais.
- Establecemento de acordos durante o xogo e comprensión e aceptación das normas.
- Potenciación do xogo como ferramenta para coñecer tanto a súa cultura como outras.
- Progresión na coordinación psicomotriz fina e grossa.
- Progresión no dominio das habilidades motoras e control do equilibrio, ton e respiración.
- Adquisición de nocións básicas de orientación e de coordinación en diferentes contextos.
- Coñecemento das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas amosando interese por aprender novas habilidades.

A actividade cotiá

- Relación e colaboración cos demais establecendo relacións e valorando a diversidade.
- Xestión do seu comportamento cara á unha axeitada resolución de conflitos.
- Resolución e planificación autónoma das tarefas tendo en conta posibilidades e limitacións.
- Adquisición de hábitos básicos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Gusto polo traballo ben feito empregando recursos axeitados e pedindo axuda se a necesita
- Adecuación do seu comportamento ás necesidades dos demais e ás normas do grupo
- Autorrecoñecemento da identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos.

O coidado persoal e a saúde

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo e realización de accións relacionadas.
- Interiorización das pautas sociais establecidas nas comidas, desprazamentos e hixiene.
- Capacidade para pedir axuda e valoración da mesma nas situacións que así o requiran.
- Valoración de hábitos saudables e ambientes limpos para o seu desenvolvemento.
- Satisfacción ante un aspecto persoal coidado manifestando os seus gustos.
- Emprego axeitado de instrumentos e espazos previndo situacións de risco e enfermidades.

2.1.3 Criterios de avaliación.

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.

- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos y materiais.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

3. EDUCACIÓN PRIMARIA

3.1 RELACIÓN COS DIFERENTES ELEMENTOS DO CURRÍCULO

Na Educación Primaria a área de Educación Física é considerada unha disciplina específica e como tal, contribuirá á consecución de obxectivos e competencias clave. A área de Educación Física contribuirá a adquisición dos 15 obxectivos de etapa marcados polo Decreto 105/2014 do 4 de setembro, especificamente no k. Facilitaremos a adquisición dos obxectivos a través duns contidos, avaliados a través duns criterios e estándares de aprendizaxe que a continuación pasamos a detallar.

3.1.1 Obxectivos

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo- sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.2.2. Perfil de área

1º EDUCACIÓN PRIMARIA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo consecución estándar	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Aceptación da propia realidade corporal. ▪ B1.2. Respecto das persoas que participan no xogo. ▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. ▪ EFB1 1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. 	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>Rexistro anecdótico</p> <p>Lista de control</p>	<p>NON SOE TER CONFLICTOS</p> <p>RECOÑECE PROPIAS CONDUCTAS INAPROPIADAS DURANTE ACTIVIDADES AS AS</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA CSIEE ▪ CSC ▪ CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. ▪ B1.5 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. 	<p>2º Trimestre</p>	<p>Escala de valoración.</p>	<p>TEN INTERESE NAS NOVAS TECNOLOXIAS RELACIONADAS CO TRABALLO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD CAA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo consecución estándar	Competencias clave
